

Abau

1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DAS PAU

Desde o ano 2010, a proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao estrutúrase en dúas fases denominadas, respectivamente, fase xeral e fase específica.

— **Fase xeral.** Ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe alcanzar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguir as ensinanzas universitarias oficiais de grao, especialmente no que se refire á comprensión de mensaxes, ao uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e expresar ideas, á comprensión básica dunha lingua estranxeira e aos coñecementos ou técnicas fundamentais dunha materia de modalidade.

— **Fase específica.** De carácter voluntario, ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinarios concretos relacionados cos estudos que se pretenden cursar e permite mellorar a cualificación obtida na fase xeral.

1. 1. Fase xeral

A fase xeral consta dos exercicios seguintes:

I) O primeiro exercicio consistirá nun comentario, por escrito, dun texto non-especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e cos contidos da materia de **Lingua castelá e literatura (LC)**. O exercicio presentará dúas opcións diferentes, das que o estudante deberá elixir unha.

II) O segundo exercicio consistirá nun comentario, por escrito, dun texto non-especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e cos contidos da materia de **Lingua galega e literatura (LG)**. O exercicio presentará dúas opcións diferentes, das que o estudante deberá elixir unha.

III) O terceiro exercicio versará sobre as capacidades e os contidos dunha das seguintes materias comúns do segundo curso do bacharelato: **Historia de España** ou **Historia da filosofía (H.^a)**.

Consistirá na resposta, por escrito, a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e o seu formato de resposta garantirá a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados. O exercicio presentará dúas opcións diferentes, das que o estudante deberá elixir unha.

O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso a materia común (Historia de España ou Historia da filosofía) da que se ha examinar.

IV) O cuarto exercicio será de **Lingua estranxeira (LE)** e terá como obxectivo valorar a comprensión lectora e a expresión escrita. O exercicio presentará dúas opcións diferentes, das que o estudante deberá elixir unha. Na realización do exercicio non se poderá empregar o dicionario nin ningún outro material didáctico. A partir do ano 2012, comezouse a avaliar a comprensión e a expresión orais.

O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso a lingua estranxeira da que se ha examinar; poderá elixir entre alemán, francés, inglés, italiano ou portugués.

V) O quinto exercicio versará sobre os contidos dunha **materia propia da modalidade (PM)** do segundo curso do bacharelato. Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e o seu formato de resposta garantirá a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

O exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha. O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso a materia de modalidade da cal se examinará. Esta materia será unha das de modalidade establecidas para o segundo curso do bacharelato e terá que ser distinta das materias de modalidade elixidas para a fase específica.

Duración e intervalos de descanso

Cada un dos exercicios desta fase terá unha duración máxima dunha hora e media. Deberá establecerse un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Cualificación

- Cada un dos exercicios da fase xeral cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais.
- A cualificación da fase xeral será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.

$$\text{Cualificación da fase xeral} = \frac{\text{Nota LC} + \text{Nota LG} + \text{Nota LE} + \text{Nota H.} + \text{Nota PM}}{5}$$

Validez

A cualificación da fase xeral terá validez indefinida, sempre que se supere a proba de acceso á universidade.

1.2. Fase específica

Trátase dunha fase voluntaria: o seu obxectivo é subir nota. Resulta moi conveniente presentarse a esta fase específica para poder acceder a unha carreira universitaria con límite de prazas ou pola posibilidade de cambios de carreira. Cada estudante poderá examinarse dun máximo de tres materias de entre as de modalidade do segundo curso de bacharelato, que deberán ser distintas da materia de modalidade elixida para a fase xeral.

Os exercicios de cada unha das materias elixidas polo estudante consistirán na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecemento e capacidades que deban ser avaliados e o seu formato de resposta garantirá a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados. Os exercicios presentarán dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

Duración e intervalos de descanso

A duración de cada un dos exercicios será dunha hora e media. Deberá establecerse un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso as materias de modalidade dascales se examinará na fase específica.

Cualificación

Cada unha das materias das que se examine o estudante na fase específica cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

Validez

A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á súa superación.

2. NOTA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

Considerarase superada a proba de acceso á universidade cando o estudante obteña unha nota igual ou superior a cinco puntos como resultado da media ponderada do 60 % da nota media do bacharelato e do 40 % por cento da cualificación da fase xeral, sempre que obtivese un mínimo de catro puntos na cualificación da fase xeral.

Para a admisión nas ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de **concorrenza competitiva**, é dicir, en que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades públicas empregarán para a adxudicación das prazas a **nota de admisión** que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = (0,6 \times \text{NMB}) + (0,4 \times \text{CFX}) + (a \times \text{M1}) + (b \times \text{M2})$$

NMB = nota media do **bacharelato**

CFX = cualificación da **fase xeral**

M1, M2 = as dúas mellores cualificacións das materias da **fase específica**

a, b = **parámetros de ponderación** das materias da fase específica

Que é o parámetro de ponderación da fase específica?

Non todas as materias da fase específica valen o mesmo. O seu peso ou «ponderación» virá determinado pola carreira universitaria (ou grao) que queiras facer. A ponderación poderá ser de 0,2; 0,1 ou 0. Por exemplo: se un alumno/a quere estudar o «Grao de Enfermería», na parte específica as materias *Bioloxía* e *Química* pondéranse 0,2; as materias de *Ciencias da Terra*, *Matemáticas*, *Física* e *Debuxo Técnico* pondéranse 0,1; o resto, 0 (non puntúan).

O parámetro de ponderación da parte específica propóñeno as universidades segundo a titulación de que se trate. Podes ver os valores de ponderación dos graos de Galicia neste enderezo: <http://ciug.cesga.es/marcopau.html>

3. ORIENTACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Antes da proba

A) A acumulación de exercicios pode supoñerche nerviosismo e confusión: intenta presentarte ás probas o máis descansado/a e relaxado/a posíbel e presta atención en todo momento ás indicacións dos examinadores.

B) As probas esixen silencio absoluto: o Tribunal examinador ten capacidade legal para expulsar os estudantes que incumpran as normas de corrección e comportamento.

C) Ás probas deberás levar o teu DNI e a tarxeta de matrícula nas PAU. Convén levar tamén varios lapis e bolígrafos (no exame só poderás escribir con bolígrafo azul ou negro). Lembra que podes

necesitar material específico para algúns exercicios (calculadora científica, instrumentos de debuxo, dicionario...).

D) Procura chegar puntual ás probas e sabendo exactamente o lugar onde se realizan. Á primeira hora, antes da presentación, hánvos chamar por orde alfabética e debes ensinar o teu DNI e a tarxeta de matrícula nas PAU. Cando entres na aula daranche unha tira cos adhesivos do teu código de barras e indicaranche tamén o lugar onde debes sentar (nalgúns probas optativas é probábel que te cambien de aula).

Durante a proba

A) O exercicio preséntase xeralmente nunha soa folla, onde aparecen as dúas opcións coa súa correspondente serie de preguntas (unha por cada cara). Esa folla non se devolve e queda á disposición do alumno/a: pode servir para subliñar, para elaborar un esquema das respostas, para anotar ideas para a súa reelaboración... Calquera cousa que se anote non terá ningún valor. Le atentamente os enunciados e decide con calma a opción que máis che interese. É moi importante non mesturar as cuestións das dúas opcións.

B) Antes de cada exame, en lugar de folios soltos, daráseche un caderniño de papel para as túas respostas e, ademais, unha cabeceira adhesiva. Na primeira folla do caderniño non poderás escribir nada, porque será o corrector/a do teu exame quen faga anotacións nela. As túas respostas debes escribilas a partir da segunda folla.

Na cabeceira adhesiva anótase o nome da materia e o seu correspondente código (que figurará escrito no encerado). Nela tamén tes que pegar un dos teus códigos de barras no lugar indicado. É o sistema que garante a obxectividade na corrección das probas: só ese código de barras te identifica, por iso non podes asinar nin facer ningún tipo de marca nos exames. É preferible que agardes ao remate do exame para adherir esta cabeceira no lateral esquerdo da portada do caderniño, porque en caso de necesidade (cambio de opción, erros graves...) poderías, no transcurso do exame, solicitar outro caderniño. Neste caso, o examinador/a deberá destruír o primeiro caderno, así que tería que arrincar a cabeceira ou estarías malgastando os códigos de barras. Todo isto supón unha perda considerable de tempo, polo que cómpre elixir ben a opción e pensar ben o que se pon.

C) É aconsellábel repartir ben o tempo e o papel dispoñíbel para cada pregunta, adecuándoo ao valor das cuestións.

D) Non é necesario responder en orde, aínda que si hai que sinalar a cuestión que se responde. Lembra que debes contestar soamente o que se che pregunta: non che darán máis puntuación por explicar outras cousas que non teñen que ver co exercicio.

Para teres máis información sobre o desenvolvemento e o contido das PAU, podes consultar a web da CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia): <http://ciug.cesga.es>

1. Preguntas 1 e 2. Lectura, comprensión e análise do texto

Lectura, comprensión e análise

A lectura é a base dun bo comentario, porque dela depende que comprendamos o texto na súa totalidade. Non abonda con lelo unha soa vez nin con lelo repetidamente «a ver se pillamos algo». Propoñemos unha sucesión de lecturas sistemáticas:

• Fases:

A) Lectura comprensiva: o obxectivo é conseguir unha visión global do texto. Nesta fase debemos limitarnos a entender a superficie do texto. Para isto, indagaremos no significado das palabras e na comprensión dos conceptos utilizados.

B) Lectura analítica: agora debemos raspar na superficie do texto e ver que hai debaixo, para descubrir o fío condutor e as súas ideas clave. Para isto cómpre: a) subliñar todo o que se considere importante e distinguir o esencial; b) escribir á marxe notas ou resumos de distintas partes.

• Consellos:

- As liñas adoitan vir numeradas. Se non é así, numera as liñas pares (facilita a localización de determinadas partes ou ideas do texto, sen influír na súa comprensión).
- Procura ler o texto de forma atenta e concentrada.
- Anota e subliña o texto sen medo. Podes facelo porque a folla na que aparece non se devolve.
- Localiza as dificultades léxicas: as palabras cun significado descoñecido ou dubidoso. Podes intentar deducilas do contexto ou illalas (un non debe falar do que non entende).

Tema

O **tema** dun texto é a idea fundamental da que trata globalmente. Hai que expresar, con moi poucas palabras, a idea que o autor/a do texto quixo comunicarnos. Cada unha das partes debe referirse, de forma explícita ou implícita, ao tema proposto.

• Consellos:

- O tema debe ser enunciado de forma moi sinxela, con preferencia por unha frase nominal (un substantivo, normalmente abstracto, mais algún modificador).
- Cómpre evitar a subxectividade: debe ter un estilo neutro e non-persoal.

Síntese (ou resumo)

A **síntese** (ou **resumo**) é a condensación do contido esencial do texto coas propias palabras. Unha boa técnica de resumo é a do subliñado (ver **páx. 125, 1ºBACH**).

• Consellos:

- É máis doado resumir un texto a partir do esquema das ideas principais e secundarias.
- Sé breve. O resumo debe ter unha extensión dunhas 8 ou 10 liñas ou dunha terceira/cuarta partedo que ocupe o texto orixinal.

- Evita citar literalmente o texto ou parafrasealo (repetir as mesmas ideas con outras palabras). Se tes que citar o texto, faino «entre comiñas».
- Non fagas comentarios subxectivos. O resumo debe ser obxectivo e neutro.
- Repasa ao final a ortografía, a redacción, os contidos... Se é imprescindible riscar algo, faino cunha soa liña (non esborranches).

Estrutura

Expresar a **estrutura** dun texto consiste na determinación das súas partes, desde o punto de vista do contido. A estrutura externa do texto (apartados, parágrafos...) pode ser de grande utilidade, posto que hai unha correspondencia moi grande entre a división en parágrafos e a estrutura interna do texto (organización das ideas principais e secundarias) (ver **páxs. 38-39, 62-63, 84-85, 2º BACH**). Se o texto non se divide en parágrafos, o labor é máis complexo, pois obrigaría a fixarse nos conectores textuais (ver **páxs. 108-109, 2º BACH**).

• Consellos:

- É máis doado determinar a estrutura a partir do esquema das ideas principais e secundarias.
- É probable que o texto non se axuste a un modelo concreto: paralelo, analizante, sintetizante... (ver **páxs. 38-39, 2º BACH**). Non obstante, o máis importante é que a estrutura que ti propós sexa fiel ao contido do texto e estea ben xustificada.
- Podes citar as partes do texto mencionando o parágrafo ou parágrafos aos que corresponden, se se axusta a eles (*parágrafo 1, 2...*), indicando as liñas onde comezan e acaban (*desde a liña 1 á liña 5*) ou ofrecendo entre comiñas (« ») as palabras iniciais e finais (*desde «Estes días...» ata «...e outros»*).

Esquema das ideas principais e secundarias

O **esquema** é a expresión gráfica das ideas máis importantes do texto e da relación entre elas. O esquema non é un extracto literal, parágrafo a parágrafo, do texto; pola contra, é o resultado da lectura e análise do texto (mediante o subliñado, por exemplo). Despois da identificación das ideas principais (ou máis importantes) e secundarias (que apoian as principais), estas organízanse no esquema.

• Fases:

- Comeza escribindo o tema do texto.
- Selecciona e escribe as ideas principais (organízaas de forma lóxica).
- Engade as ideas secundarias que apoian as principais (organízaas segundo a súa importancia).
- Se é preciso, agrega os detalles ou exemplos que ilustren as ideas anteriores.

• Consellos:

- O esquema é un bo exercicio previo para a redacción do resumo dun texto ou para a determinación da súa estrutura.
 - Para representar o esquema podes empregar só texto (con diferentes sangrados), cifras (1 / 1.1. / 1.2. / 2 / 2.1. etc.), chaves ou liñas...
- Emprega as túas propias palabras (non as copias do texto).
- Non hai unha fórmula única para elaborar esquemas. O fundamental é que se entenda e que a súa información sexa reflexo fiel das ideas máis importantes do texto.

Intencionalidade do texto

Identificar a **intención do autor/a** é importante na medida en que os textos non se escriben porque si, senón cunha intención comunicativa. Daquela, comprender un texto en profundidade implica saber identificar e valorar a intención coa que foi escrito.

O tipo de texto permite identificar esta intención básica: nun texto argumentativo a intención é defender unha idea ou tese, nun texto narrativo é relatar un feito, nun texto expositivo é informar sobre algo... (ver páxs. 14-15, 36-37, 58-59, 80-81, 104-105, 126-127, 148-149, 1º BACH). Con todo, na maioría dos textos as intencionalidades son complexas: non é o mesmo a intencionalidade dun texto descritivo nun libro de xeografía (intención didáctica) ca nun folleto propagandístico (intención propagandística).

• **Consellos:**

- Ten en conta a tipoloxía do texto: argumentativo (intención: defender unha opinión ou persuadir), expositivo (intención: informar dun feito), descritivo (intención: describir algo), narrativo (intención: relatar algo), instrutivo (intención: ensinar a facer algo)...
- Lembra que algúns textos presentan unha intencionalidade complexa, con intencións múltiples, secundarias ou mesmo «camufladas» (especialmente en determinados textos xornalísticos ou literarios nos que pode haber dobres sentidos, ironías...).
- Repara en que a intención do texto está intimamente relacionada co seu tema: distinguir o tema é o primeiro paso para recoñecer a intención do texto.

Opinión do autor/a sobre un aspecto concreto que se indique

En determinado tipo de textos (especialmente nos argumentativos: artigos de opinión, cartas ao director, ensaios...) o autor/a transmite a súa **opinión sobre un tema concreto** (ver páxs. 104-105, 1º BACH). Esta opinión debe estar apoiada en argumentos e en exemplos. Unha correcta comprensión deste tipo de textos implica saber recoñecer as relacións entre opinións, argumentos e exemplos.

• **Consellos:**

- Ten en conta as estruturas propias dos textos argumentativos: *sintetizante*: sucesión de argumentos (e exemplos) + tese; *analizante*: tese + sucesión de argumentos (e exemplos); *encadrada*: tese (introdución) + sucesión de argumentos (e exemplos) + tese (conclusión).
- A presenza de determinados conectores tamén axuda a identificar a tese, os argumentos e os exemplos («en conclusión», «en primeiro lugar», «en segundo lugar», «por exemplo»...).
- Lembra que cómpre acompañares a túa resposta sobre a opinión do autor/a con palabras do texto que exemplifiquen o que dis. Estas palabras literais do texto debes reproducilas entre comiñas.

Significado dalgunha palabra

Para a completa comprensión dun texto é fundamental coñecer o **significado de todas as súas palabras e expresións**, mesmo as que poidan ter un significado máis escuro. Para demostralo, debemos dominar a técnica que nos permita definilas. Recomendamos a *definición hiperonímica* (ver páx. 159, 2º BACH).

• **Consellos:**

- A definición debe ir do xeral ao particular, indicando os atributos esenciais da especie («cadeira: asento de catro patas con respaldo...»).
- A definición debe ser concisa e expresarse cun vocabulario claro e concreto.
- A definición non debe ser circular, é dicir, a palabra definida non debe aparecer na definición (sería incorrecto: «humano: nado de pais humanos»; o correcto sería: «humano: que ten as características propias do home»).
- A definición non debe ser negativa, cando pode ser afirmativa (sería incorrecto: «equilátero: que non é isóscele nin escaleno»; o correcto sería: «equilátero: que ten os lados iguais entre si»).

2. Pregunta 3. Comentario crítico do texto

O **comentario crítico** é o xuízo e a valoración persoal das ideas expostas polo autor/a do texto. Sobran agora os resumos e as análises sobre a estrutura do texto. Trátase de expoñer o noso xuízo crítico, razoando sobre o que o texto expón, asentindo, disentindo ou matizando o seu contido. Agora é cando debe xurdir, de xeito ordenado, o noso punto de vista sobre o contido do texto, relacionándoo cos nosos coñecementos.

• **Consellos:**

- O texto do teu comentario nunca debe ser un «pretexto» para abordar cuestións secundarias ou alleas ao tema.
- Aínda que se trata dun comentario persoal, cómpre non abusarmos do subxectivismo: debemos evitar polémicas e comentarios fóra de lugar.
- O texto do noso comentario crítico debe ter unha estrutura argumentativa; é dicir, a nosa opinión (ou tese) debe ir acompañada de argumentos e exemplos (ver **páxs. 64-65, 2º BACH**).
- Evita os consabidos defectos formais: pobreza léxica, reiteracións, erros ortográficos, borranchos...

3. Preguntas 4 e 5. Fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica, léxico ou dialectoloxía

Nos teus libros de texto de Rodeira tes todo o preciso para traballar a fondo estes contidos. Nesta táboa presentámosche unha **guía de acceso rápido** a cada un (teoría e práctica).

Fonética e fonoloxía

1º BACH Páxs. 24, 44, 66, 88, 112, 134, 156
2º BACH Páxs. 16-20 21, 24, 48, 70, 92, 118, 140, 164

Morfoloxía

Substantivo/Adxectivo	1º BACH Páxs. 38-41 42
Artigo/Pronome determinante	1º BACH Páxs. 60-63 64
Pronome persoal	1º BACH Páxs. 82-85 86
Verbo	1º BACH Páxs. 106-109 128-131 110, 132
Adverbio/Preposición/Conxunción	1º BACH Páxs. 150-153 154
Síntese xeral (apéndice)	2º BACH Páxs. 340-353

Análise morfolóxica

2º BACH Páxs. 134 138

Sintaxe

Unidades morfosintácticas: frase e oración	2º BACH Páxs 40-45 46
Oración simple/Funcións sintácticas	2º BACH Páxs. 64-66 68
Oración comp. coordinada	2º BACH Páxs. 86-88 90
Oración comp. subordinada	2º BACH Páxs. 110-114 116
Análise sintáctica	2º BACH Páxs. 67, 89, 115 68, 90, 116
Semántica	2º BACH Páxs. 156-161 162
Léxico	2º BACH Páxs. 134-137 138
Dialectoloxía	2º BACH Páxs. 78-81 82ión

4. Preguntas 6 e 7. Cuestións teóricas de Sociolingüística e Literatura

Facilítanse apuntamentos.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA DE ACCESO

A proba consta de dous textos (opción 1 e opción 2), cunha serie de preguntas cada un. A duración deste exercicio é de 1 hora e media.

Ademais da valoración dos contidos, prestaráselle atención á corrección e á propiedade da expresión lingüística (ortografía, gramática, cohesión, riqueza e precisión léxicas...) ao longo de toda a proba. Sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos.

Olo coa opción que elixes!

Olo coa presentación!

BLOQUE 1: COMPETENCIA COMUNICATIVA (3 preguntas / 5 puntos)

Antes de leres o texto numera as liñas de cinco en cinco pola marxe esquerda. Isto facilita a localización de ideas ou palabras textuais que debas citar.

A lectura é a base dun bo comentario. Debemos facer dúas lecturas. A lectura comprensiva serve para conseguir unha visión global do texto. A lectura analítica permítenos profundizar. Cómpre subliñar todo o que se considere importante e mesmo escribir na marxe notas ou resumos.

- 1ª e 2º cuestión. Comprensión textual (2 puntos, 1 por pregunta).

Cuestións sobre algún aspecto de interpretación e análise do texto proposto:

- **Tema.** Idea fundamental. Evitar subxectividade. Expresar con poucas palabras (unha liña, aprox.). Preferibelmente, frase nominal. *Que idea me quere transmitir o autor?*

- **Título.**

- **Resumo do texto.** Antes de facer o resumo, cómpre subliñar o texto; tamén pode ser útil facer un esquema coas ideas principais e secundarias. A extensión do resumo pode ser de entre a terceira e a cuarta parte do orixinal. O resumo é obxectivo e neutro. Evita parafrasear, citar literalmente e, en xeral, empregar as mesmas palabras do texto. Non se trata de “cortar” e “pegar”.

- **Estrutura.** A estrutura externa non sempre é indicativa. Non sempre se poden buscar modelos concretos. Case sempre hai que falar de partes (e sinalar as liñas que ocupa cada parte e o contido)

- **Esquema,** separando ideas principais das secundarias. Expresión gráfica das ideas máis importantes do texto. Numérico ou decimal, chaves... Enunciados breves, non textuais.

- **Significado/definición de palabras e expresións.** Recoméndase a definición hiperonímica. Explicar o significado e despois, sinónimos. Non debe ser circular (empregar a palabra definida) nin negativa, cando pode ser afirmativa.

- **Intencionalidade do texto/opini3n do autor sobre alg3n aspecto.** C3mpre percibir o sentido real do texto, m3is al3 da literalidade (p3nse-se, por exemplo, na iron3a). Lembra acompañar a resposta sobre a opini3n do autor con palabras textuais (entre comi3as).

- **3ª cuestión. Producci3n textual** (3 puntos / Extensi3n aproximada 200-250 palabras).

Texto persoal sobre un tema proposto, relacionado dalg3n xeito co contido do texto sobre o cal se basea o exame. Trátase de expoñer o noso xuízo crítico, razoando sobre o que o texto exp3n, asentindo, disentindo ou matizando o seu contido.

Valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado 3 situaci3n comunicativa e correcto ortogr3fica e gramaticalmente. Os 3 puntos *desagregaranse en tres tramos de 1 punto* cada un que valorar3n a construcci3n textual, a adecuaci3n léxico-gramatical e a correcci3n ortogr3fica e gramatical. No caso de textos cunha extensi3n *manifestamente* menor 3 solicitada, ao punto de dificultar a s3a avaliaci3n consonte os criterios expostos, esta circunstancia dar3 lugar a unha diminuci3n proporcionada da valoraci3n global da

BLOQUE II: CONTIDOS ESPECÍFICOS DA MATERIA. (4 preguntas /5 puntos)

- **4ª e 5ª preguntas. Lingua e gram3tica** (1 por pregunta).

-L3xicolox3a (significado de palabras ou sintagmas, sin3nimos e ant3nimos, familias de palabras, derivados e compostos...)

-Fon3tica

-Fonolox3a

-Morfolox3a

-Sintaxe

-Sem3ntica

-Lexicolox3a

-Dialectolox3a..

- **6ª pregunta. Sociolingüística** (1 punto). Extensi3n: 200-250 palabras. **El3xese entre dous temas.** Val3rase a redacci3n personalizada e non a simple reproducci3n memor3stica. Esta cuesti3n tratar3 sobre alg3n dos seguintes temas.

1.- As funci3ns sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a s3a repercusi3n nos usos.

2.- Historia da normativizaci3n: a construcci3n da variedade est3ndar. Interferencias e desviaci3ns da norma.

- 3.- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 5.- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística

- **7ª pregunta. Literatura. (2 puntos). Elíxese entre dous temas.** Valórase a redacción personalizada e non a simple reprodución memorística Desenvolver en aproximadamente 400 palabras un dos seguintes 12 temas:

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- 5.- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- 6.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- 7.- A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
- 8.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
- 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

En ningún caso se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido: a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias... a) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores. c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega. Como orientación en canto á extensión podemos falar aproximadamente dunhas 400 palabras, aínda que isto pode ser moi variable dependendo de se o alumnado opta por unha resposta con redacción máis desenvolvida ou máis esquemática.

Proposta oficial de exame para o curso 2009-2010

OPCIÓN A

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do Porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz debeciábase por bicalo a fartar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno. Migueliño escolleu así moitos máis que non eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

A. R. Castelao, *Cousas*.

1. Por que cres que Migueliño, a pesar de que «sabía cos ollos pechados como era o seu pai», o confunde reiteradamente con outros americanos e finalmente non o recoñece? Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
2. Que idea cres que nos intenta transmitir o autor con esta anécdota? Cal é a visión que nos dá Castelao da emigración neste texto? [1 punto]
3. Galicia pasou en poucos anos de ser país de emigración a receptora de inmigrantes. Compara ambos os fenómenos e reflexiona acerca da imaxe que temos hoxe en Galicia sobre a inmigración e da que había antes sobre a emigración dos galegos a outras terras. [3 puntos]
4. Na liña 4 aparece a terminación *-án (peirán)* característica dun determinado bloque dialectal do galego. Identifica ese bloque e sinala outras tres características propias desa zona. [1 punto]
5. Analiza sintacticamente: *O rapaz debeciábase por bicalo a fartar* (l. 11). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
 - b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

OPCIÓN B

Coa ofensiva chegaran algúns personaxes novos, sobre todo cooperantes. Un deles estívome explicando o pésima que era a información que se recibía en España sobre o conflito. O feito de que eu fose, entre moitos outros, un dos que escribían esa información, non pareceu afectarlle o máis mínimo. Para el, os xornais estaban cheos de mentiras e *manipulacións*. Que xornais lía? En realidade, confesou, ningún. Por que? Porque estaban cheos de mentiras e manipulacións. Tiña outras fontes de información? Non, en realidade non. Pero *intuitivamente*, sabía que o que contabamos, fose o que fose, era mentira. É curioso canta xente hai no mundo que pensa deste xeito. A miúdo riamos cavilando na realidade do traballo dun *correspondente* nun conflito. Parecía que só nós sabíamos que tratar de decatarse de algo en medio do caos informativo, as limitacións físicas e de tempo, eran factores de distorsión da información moito maiores que a presión da liña editorial dos nosos xornais que, se existía, era *errática* e fácil de esquivar.

Escapulinme del e sumeime ao grupo dos xornalistas. Estaban bébedos, falando en serio de organizar nós tamén un equipo de fútbol para enfrontarse ós espías.

Estabámolo pasando todos ben, mais, inevitablemente, non eramos quen de gozalo. A guerra volvía unha e outra vez ás conversas, aínda que intentásemos escorrentala, polo menos por unha noite, como quen intenta escorrentar unha mosca.

M. A. Murado, *Fin de século en Palestina*.

1. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto: [1 punto]
 - Denunciar a manipulación da información nos medios de comunicación?
 - Denunciar as guerras que afectan á humanidade?
 - Denunciar o tópico de que os medios de comunicación manipulan a información?
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *manipulación* (l. 4), *intuitivamente* (l. 6), *correspondente* (l. 8), *errática* (l. 11), *escapularse* (l. 12). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un texto sobre as posibilidades que teñen os xornalistas de ofrecer unha información obxectiva nos medios de comunicación. [3 puntos]
4. *Estabámolo pasando todos ben* (l. 14): Segmenta os constituíntes morfolóxicos das palabras que integran esta oración e identifica o valor de cada un deles. [1 punto]
5. Fíxate ben: *Que xornais lía?* (l. 4) e *Tiña outras fontes de información?* (l. 6) son oracións interrogativas de dúas clases distintas. Que diferenzas hai entre un e outro tipo de preguntas? [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha) [2 puntos]
 - a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
 - b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

PROPOSTA 1

En aproximándose o verán, teño pensado visitar San Petersburgo, unha das miñas vellas aspiracións. O soño naceu sendo eu moi nova mentres lía *Ana Karenina*, **que** me maravillou por tantas cousas e que ten na segunda cidade rusa un fermoso escenario. Daquela chamoume a atención **que** a *belle société* rusa tivese como símbolo de distinción o idioma francés e facíame graza que algúns rusos falasen francés entre si. Aínda non caera eu na conta de que formaba parte dun pobo que tamén tiña como símbolo de distinción unha fala diferente á da maioría da paisanaxe. Cando os ollos e os sentidos están tan afeitos a estas cousas, cústalle á razón entrar en funcionamento para xulgalas e tratar de as reconverter. [...]

Máis tarde, e agora a través da miña afección pola música de Mozart, descubrín **que** a nobreza vienesa andaba co prexuízo de que as clases máis baixas non tiñan necesidade de beleza e que a ópera non ía dedicada aos pobres. Estes ben se podían entreter con vulgaridades alemás. Polo tanto, a ópera tiña **que** estar en italiano, outravolta como distinción de clase e desprezo pola lingua do pobo. Di David Shavin: «A historia de Mozart revela como, nas mans dun artista que entenda que a razón e a beleza son idénticos moralmente, a arte convértese en causa poderosa de acontecementos históricos para o beneficio xeral da humanidade». E aí temos ao grande músico creando a ópera en alemán, que foi revolucionaria e lle deu os seus problemas.

Nos casos **que** cito, acabouse impoñendo a razón por riba dos prexuízos e dos complexos, pero non é tan doado. Hai momentos moi complicados para algunhas linguas. Podía poñer moitos exemplos de como os idiomas teñen serios problemas alleos a eles e só apoñibles ás circunstancias nas que se desenvolven. Deixo aquí a nosa lingua, que é a que nos importa, pero a citada novela de Lev Tolstoy ten no comezo unha frase que tamén podemos aplicar ás linguas: «As familias felices son todas iguais; as familias infelices sono de cadansúa maneira».

Helena Villar Janeiro, «Pobos e linguas», *El Correo Gallego*.

1. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto: [1 punto]
 - Denunciar os prexuízos que provocan o uso socialmente desigual de dúas linguas?
 - Denunciar a inxustiza da diferenza de clases?
 - Denunciar as carencias dalgúns linguas para desenvolveren determinadas funcións?
2. Identifica a estrutura do texto. [1 punto]
3. Escribe un comentario persoal razoado no que poñas en relación as ideas desenvoltas no texto e a actual situación sociolingüística de Galicia. [3 puntos]
4. Caracteriza os fonemas vocálicos tónicos das seguintes palabras: *fermoso* (líña 3), *francés* (líña 4), *ópera* (líña 11), *só* (líña 19), *novela* (líña 21). [1 punto]
5. Indica a categoría morfolóxica e a función sintáctica de cada un dos cinco *que* resaltados no texto (en negriña e subliñados). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

PROPOSTA 2

A amante nunca ten dentes postizos
graus no nariz
pelos nas coxas
gorduras nos cadrís.
Á amante nunca lle inchan os ollos ao durmir.
O poeta ama a perfección
non te ama a ti.
Es idealización
mito
metáfora da metáfora.

De non seres perfecta como te amarían?

María Xosé Queizán, *Metáfora da metáfora* (1991)

1. Sintetiza nunha soa oración o tema do poema. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *coxas* (l. 3), *cadrís* (l. 4), *idealización* (l. 8), *mito* (l. 9), *metáfora* (l. 10). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Escribe un comentario persoal razoado sobre a importancia que se lle dá na sociedade actual á aparencia física e ao culto á imaxe. [3 puntos]
4. Define os fonemas consonánticos destas palabras: *nariz* (l. 2), *coxas* (l. 3). [1 punto]
5. O substantivo *amante* (líña 1) presenta sincretismo de xénero. Explica en que consiste este trazo e ofrece outros exemplos. [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

PROPOSTA 3

Dicía Gonzalo Torrente Ballester que había máis imaxinación nalgunhas tabernas galegas que en moitos países do mundo. Referíase sobre todo ás tabernas onde aínda se manteñan tertulias ou longas conversas devagar. Tiven ocasión de comprobar este verán –unha vez máis– o moito que hai de certo na esaxerada afirmación do magnífico autor de *La saga fuga de JB*, esa obra insuperable.

Polos montes de Oural, Riobarba, Viveiro, Oza dos Ríos, Verín e Sarria descubrín algúns deses espazos habitados por unhas voces narrativas incomparables. Historias de todas as estirpes de mouros, de lobos, de fuxidos, de peregrinos xacobeos, de emigrantes nas Américas... E en todos os sitios tiven a tentación de acender un magnetófono. Porque aí si que ten sentido gravar o que se di, o que se oe; un sentido cultural e antropolóxico que non teñen as moitas veces noxentas realidades que gravan os espías ou detectives. As tabernas tradicionais galegas acollen moito do saber que non se aprende nas universidades e que, porén, debemos aprender. O saber da vida. O sabor do humano. O recendo das experiencias. O vigor do inventado.

José M.^a Castroviejo e Álvaro Cunqueiro deixáronse seducir tamén polo engado incomparable das nosas tabernas, pousadas e lugares de parrafeo. O escritor de Mondoñedo –cidade na que tanto *tertuliou*– mesmo chegou a admitir que o seu agarimo pola literatura inglesa, desde Chaucer a Dickens, pasando por Shakespeare, Pepys, Sterne e James Boswell, tiña moito que ver co feito de que estaba chea de tabernas.

[...] Tabernas que aínda hoxe, agochadas ás veces en recunchos inesperados ou esquecidos, amosan esa imaxinación prodixiosa dos devanceiros. Palabras de saberes ocultos. Sintaxe precisa dunha lingua aínda non desvirtuada. Ecos luminosos dun pasado que é presente ferido e que quizais un día represente só unha gran perda. ¡Que desfeita! Quizais é o momento de sementar magnetofóns nas que quedan.

Carlos G. Reigosa. *La Voz de Galicia* (25-8-2007)

1. Identifica a idea principal e as ideas secundarias do texto. [1 punto]
2. Que relación establece o autor entre a sabedoría tradicional das tabernas e a literatura? Apoia a túa resposta con referencias explícitas do texto. [1 punto]
3. Escribe un comentario crítico a partir do exposto neste treito do texto: *Ecos luminosos dun pasado que é presente ferido e que quizais un día represente só unha gran perda. ¡Que desfeita! Quizais é o momento de sementar magnetofóns nas que quedan.* [3 puntos]
4. Fai a análise morfolóxica destas palabras: *tiven* (l. 3), *por* (l. 7), *inesperados* (l. 19), *prodixiosa* (l. 20). [1 punto]
5. Ofrece un sinónimo e un antónimo do significado que cada unha destas palabras teñen no texto: *devagar* (l. 3), *acender* (l. 9), *noxentas* (l. 11), *recendo* (l. 13), *agarimo* (l. 16), *devanceiros* (l. 20). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
 - b) A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

PROPOSTA 4

Escollo as miñas lecturas polo que nunca leo as datas de caducidade dos iogures. A miña muller tenme prohibido ir á compra por mor desa liberdade. As contadas veces que fago rodar un carriño metálico polo supermercado sucédeme algo desconcertante: ao baleirar o carro para pagar na caixa agroma un libro de peto entre osiños de biscoito que tanto saben ao pequeno Antón e o meu café amarguísimo.

A última vez que fun mercar, a caixeira atopou o hipervendido *Crepúsculo*, de Stephenie Meyer. As miñas amigas Marta e María, que teñen nomes beatificables en parella, confesáronme que esa novela non está ben escrita, pero prende. Ata onde a dei lido confirmei a segunda parte da súa avaliación: hai enterradores máis habelenciosos redactando necrolóxicas.

Meyer escribe con prosa de diario adolescente con tapas rosadas que se pecha con candadiño. A trama avanza de xeito lineal, contándonos con quen senta en cada clase á que asiste, o moito que lle vai custar repudiar a un rapaz que lle colleu afección e o malo malote que é o rapaz que lle gusta.

Non faltan os resabidos «pel branca coma o marfil» ou «pelo de cor mel». O meu Antón é o presidente dos Estados Unidos das Ocorrencias Inoportunas, pero atinou o outro día. Ensañábase a manguerazos co xardín dos meus pais e empapuzoume o exemplar de *Crepúsculo*. Nada lle reprochei.

Eu xa lera ás irmás Brontë e a Daphne de Maurier, polo que esperaba que a renovación da novela de paixóns a chorro fose alén de que a heroína mudase a carroza por un monovolume. Terei que mirar a data de caducidade dos libros porque a literatura de Meyer cheira a mofo.

Jaureguizar, «logures», *De luns a venres* (15-8-2009)

1. O autor do texto ofrece, con ironía, a súa valoración sobre a calidade literaria da novela *Crepúsculo*, de Stephanie Meyer. Que opinión é esta? En que se fundamenta? Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *necrolóxicas* (l. 8), *trama* (l. 10), *repudiar* (l. 11), *atinou* (l. 14), *mofo* (l. 19). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un comentario persoal razoado sobre o fenómeno dos «bestsellers». [3 puntos]
4. Identifica todas as perífrases verbais do texto e indica a que tipo corresponden segundo a súa significación. [1 punto]
5. Analiza sintacticamente: *Terei que mirar a data de caducidade dos libros porque a literatura de Meyer cheira a mofo* (líña 19). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - b) A poesía de fins do século XX e comezos do XXI: temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2	Eu son un home triste, eu son un neno canso e teño unha voz murcha,	14	Que cando pensa acharte nuns ollos translucentes,
4	como unha mau de néboa rubindo cara ao sol;	16	decátase de que iles son ollos de door,
6	unha mau a buscar a Túa mau infinita.	18	ollos de cas que sufren e bois baixo aguilladas,
8	Eu son un home triste que ando a pensar en min í a cavilar en Ti.	20	ollos con moitas bágoas. Entón, Señor, ti fuxes,
10		22	i estas maus que son terra somentes terra apreixan.
12	Eu son un home que te busca na terra e non te ve nas rosas.	24	Eu son un home triste.

Antón Tovar, *Arredores*, 1962

1. A quen se dirixe o *eu* do poema? Por que adopta un ton de desacougo e tristeza? [1 punto]
2. Por que, sendo un home, di “eu son un neno canso” (verso 2). Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo os motivos polos que, na túa opinión, a poesía é un xénero con menos lectores que a novela. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. O poema non está escrito conforme o galego estándar actual. Identifica no texto sete formas non-estándar distintas e sinala a forma estándar correspondente a cada unha delas. [1 punto]
5. Indica: a) dous sinónimos de *rubir* (líña 5), *cavilar* (l. 10), *fuxir* (l. 21), *apreixar* (l.23); b) un sinónimo e un antónimo de *sufrir* (l. 18). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

2 O sector pesqueiro galego experimentou un forte proceso de expansión a partir dos anos 60 que se
3 asentou en dous factores: 1) O medre na demanda de peixe como consecuencia do 'despegue' económico.
4 2) O potenciamento que desde o propio goberno do estado se realizou respecto da pesca de altura. Ao
5 abeiro do Plan de Reconversión da Flota, aprobado en 1961, procedeuse á construción dun bo número de
6 barcos conxeladores, que beneficiaron, sobre todo, á actividade pesqueira industrial.

7 Até 1977 a flota galega de altura contaba con case 500 buques e parecía constituír un sector capaz de
8 manter un crecemento sostido. Sen embargo, a situación mudou a partir dese ano. Para explicar esta
9 contracción hai que sinalar dúas grandes causas: o envellecemento da flota de baixura (agravado pola
10 situación de esquilamento que sofren os nosos caladoiros) e a redución dos caladoiros internacionais.
11 Aos problemas existentes con Marrocos, Irlanda ou o Canadá, por mor da cuestión das augas territoriais,
12 cómpre engadir as enormes limitacións que padecen os nosos barcos nos caladoiros comunitarios, así
13 como a aplicación das normativas a respecto da reconversión da flota galega após a integración do Estado
14 español na CEE e o desleixo que amosou o goberno español na defensa dos intereses galegos.

15 As consecuencias desta situación, cando menos as máis evidentes, foron, por unha banda, a práctica
16 desintegración da flota galega de conxeladores e, pola outra, a desaparición de case 4500 empregos entre
17 1977 e 1987, fundamentalmente na pesca de altura e conxeladora.

Bieito Alonso Fernández, en *Historia xeral de Galicia*, 1997

1. Indica cal é o tema do texto e fai unha breve síntese do seu contido. [1 punto]
2. Elabora un esquema coas ideas do texto. [1 punto]
3. No texto alúdese a certos problemas do sector pesqueiro derivados da integración española na CEE (actual UE). Expón de xeito argumentado as vantaxes e inconvenientes que na túa opinión ten a nosa pertenza á Unión Europea. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica as dúas seguintes construcións sintácticas e comenta as diferenzas de forma e de nivel de uso existentes entre elas: [1 punto]
 - (a) *O Plan de Reconversión da Flota foi aprobado en 1961.*
 - (b) *O Plan de Reconversión da Flota aprobouse en 1961.*
5. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e identifica o valor de cada un dos morfemas: *pesqueiro* (líña 1), *conxeladores* (l. 5), *industrial* (l. 5), *existentes* (l. 10), *desintegración* (l. 15). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2 Señorita: A partir de hoxe, debe vostede borrar o meu nome da lista dos seus admiradores. Ignoro
3 se lle importa sabelo, pero son un home feito anacos. Dáse vostede conta? Son un afeccionado que
4 perseguiu a súa imaxe na pantalla de todos os cinemas de estrea e de barrio, un crítico afeccionado que
xustificou as súas peores actuacións morais e agora xura de xeonllos separarse para sempre de vostede.

6 Fágame o favor de ser máis responsable dos seus actos, e antes de asinar un contrato ou de aceptar
7 un compañeiro estelar, pense que un home coma min pode contarse entre o público e recibir un golpe
8 mortal. Non falo movido polos celos, mais, créame vostede: en *Escravas do desexo* foi bicada, acariñada
9 e agredida con exceso. Vostede podería alegar na súa defensa que dende a súa primeira irrupción no
10 celuloide apareceron algúns dos trazos da conduta que agora lle estou a reprochar. É certo; e admito
11 avergoñado que ningún dereito ampara as miñas querelas. Eu aceptei amala tal como é. Perdón, tal como
12 cría que era. Coma todos os desenganados, maldigo o día en que unín a miña vida ao seu destino
cinematográfico.

14 Antes, as súas escenas de amor non me alteraban, porque sempre había en vostede un trazo de
15 dignidade profanada, porque percibía sempre un íntimo rexeitamento. Pero n'*A rabia no corpo*, cos ollos
16 húmidos de amor, vostede volveu cara a min o seu rostro verdadeiro. Conféseo dunha vez: vostede está
17 realmente namorada dese comiquiño de segunda, non é certo? Atreveríase a negalo impunemente? Por
18 que xogou comigo como xogan todas? Por que non me ensinou dende o principio o rostro desatado que
agora me atormenta?

Elena Poniatowska, "Cinema Prado", en *A filla do filósofo*, 2009

1. Que imaxe da persoa que escribe esta carta nos transmite a autora no texto? Xustifica brevemente a túa resposta. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *afeccionado* (líña 2), *celuloide* (líña 9), *reprochar* (líña 9), *impunemente* (líña 16), *atormentar* (líña 18). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Expón a túa opinión sobre a responsabilidade que determinados medios como o cine, a televisión ou os videoxogos, poden ter en certas condutas patolóxicas dalgunhas persoas. Considera as eventuais medidas que cabería tomar para evitar eses problemas. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Identifica nas 6 primeiras liñas do texto (ata *recibir un golpe*) cinco conxuncións distintas e clasifícaaas (por ex.: conx. coordinante adversativa ou subordinante causal). [1 punto]
5. Segmenta morfoloxicamente as 5 palabras subliñadas da seguinte oración e identifica o valor de cada morfema: admito avergoñado que ningún dereito ampara as miñas querelas (líñas 9-10). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

2 Levo tempo describindo a miña expedición 'Everest 2012' aos amigos. Asegúrolles que subirei ao
curuto do planeta dentro de dous anos. Mesmo enumérolles as marcas das roupas térmicas que vou usar e
os modelos de piolets que precisarei. Eles saben que nunca vou executar ese soño, pero son tan educados
4 que disimulan e opinan sobre o meu equipo de escalada.

6 En montañismo hai dous xeitos de ascender: o himalaísmo (subir un treito, asentar unha base e
descender antes de volver escalar) e o alpinismo (un ascenso directo e ininterrompido). Como o 2012
bótase enriba de min como unha avalancha de neve cruel, comecei a desprestixiar o Everest chegando a
8 cualificalo de "destino para o Sergas". É unha medida preventiva, unha venda que me cobre o corazón.
Con todo, non desbotarei ascender eses 8.848 metros ata que chegue o día 365º do ano da promesa.

10 No 2013, inventarei unha aventura diferente: chegar ao Polo Norte nun trineo tirado por cans de
palleiro, por exemplo. O meu pai aprendeume que os soños son infinitos. Nunca mo falou con palabras,
12 pero foi un alpinista, dos que soben recto e tarareando. Camiñou a vida cunha estrela na fronte e, no bico,
un cantar. Finou o luns. Desculpen a tristeza.

Jaureguizar en *El Progreso* (14/01/2010)

1. Indica cal é a relación que establece o autor entre os tres núcleos de contido do seu texto: [1 punto]
a) expedición ao Everest b) importancia dos soños c) morte do pai
2. Por que o autor "*comezou a desprestixiar o Everest*" (líña 7)? Que quere dicir cando o cualifica de "*destino para o Sergas*" (líña 8)? [1 punto]
3. Redacta un texto argumentativo e persuasivo a través do cal pretendas conseguir unha subvención oficial da Xunta para financiar unha expedición galega ao Everest. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Fíxate na colocación dos cinco pronomes átonos subliñados no texto. Cres que sería posible colocalos na posición alternativa (enclíticos os proclíticos e viceversa)? Xustifica a resposta. [1 punto]
5. A frase *unha avalancha de neve cruel* (líña 7) é ambigua: ten dúas interpretacións posibles. Identifícaa e fai a análise sintáctica correspondente a cada unha delas. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN B

5 Coa ofensiva chegaran algúns personaxes novos, sobre todo cooperantes. Un deles estívome explicando o pésima que era a información que se recibía en España sobre o conflito. O feito de que eu fose, entre moitos outros, un dos que escribían esa información, non pareceu afectarlle o máis mínimo. Para el, os xornais estaban cheos de mentiras e *manipulacións*. Que xornais lía? En realidade, confesou, ningún. Por que? Porque estaban cheos de mentiras e manipulacións. Tiña outras fontes de información? Non, en realidade non. Pero *intuitivamente*, sabía que o que contabamos, fose o que fose, era mentira. É curioso canta xente hai no mundo que pensa deste xeito. A miúdo riamos cavilando na realidade do traballo dun *correspondente* nun conflito. Parecía que só nós sabíamos que tratar de decatarse de algo en medio do caos informativo, as limitacións físicas e de tempo, eran factores de distorsión da información moito maiores que a presión da liña editorial dos nosos xornais que, se existía, era *errática* e fácil de esquivar.

10 *Escapulinme* del e sumeime ao grupo dos xornalistas. Estaban bébedos, falando en serio de organizar nós tamén un equipo de fútbol para enfrontarse ós espías.

15 Estabámolo pasando todos ben, mais, inevitablemente, non eramos quen de gozalo. A guerra volvía unha e outra vez ás conversas, aínda que intentásemos escorrentala, polo menos por unha noite, como quen intenta escorrentar unha mosca.

M. A. Murado, *Fin de século en Palestina*.

1. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto: [1 punto]
 - Denunciar a manipulación da información nos medios de comunicación?
 - Denunciar as guerras que afectan á humanidade?
 - Denunciar o tópico de que os medios de comunicación manipulan a información?
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *manipulación* (l. 4), *intuitivamente* (l. 6), *correspondente* (l. 8), *errática* (l. 11), *escapularse* (l. 12). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un texto sobre as posibilidades que teñen os xornalistas de ofrecer unha información obxectiva nos medios de comunicación. [3 puntos]
4. *Estabámolo pasando todos ben* (l. 14): Segmenta os constituíntes morfolóxicos das palabras que integran esta oración e identifica o valor de cada un deles. [1 punto]
5. Fíxate ben: *Que xornais lía?* (l. 4) e *Tiña outras fontes de información?* (l. 5-6) son oracións interrogativas de dúas clases distintas. Que diferenzas hai entre un e outro tipo de preguntas? [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha) [2 puntos]
 - a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
 - b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN A

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

5 Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no *peirán* do Porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

10 De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

15 Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a fartar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno. Migueliño escolleu así moitos máis que non eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

A. R. Castelao, *Cousas*.

1. Por que cres que Migueliño, a pesar de que “sabía cos ollos pechados como era o seu pai”, o confunde reiteradamente con outros americanos e finalmente non o recoñece? Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
2. Que idea cres que nos intenta transmitir o autor con esta anécdota? Cal é a visión que nos dá Castelao da emigración neste texto? [1 punto]
3. Galicia pasou en poucos anos de ser país de emigración a receptora de inmigrantes. Compara ambos os fenómenos e reflexiona acerca da imaxe que temos hoxe en Galicia sobre a inmigración e da que había antes sobre a emigración de galegos a outras terras [3 puntos]
4. Na liña 4 aparece a terminación *-án (peirán)* característica dun determinado bloque dialectal do galego. Identifica ese bloque e sinala outras tres características propias desa zona. [1 punto]
5. Analiza sintacticamente: *O rapaz debecíase por bicalo a fartar* (l. 12) .[1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha) [2 puntos]
 - a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
 - b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

DESCRÍBEO-DEFÍNEO (Cubo)

Comezaremos por abordar a definición do concepto que nos ocupa: a obxectividade no xornalismo. O deber sagrado dun periodista debería ser relatar os feitos dun xeito veraz, exacto e achegando todos os puntos de vista posibles. A partir deste relato obxectivo será o lector quen deba construír a súa propia opinión sobre os acontecementos.

CAUSAS (Asociacións)

A obxectividade dos xornalistas está hoxe ameazada por múltiples causas. Deixando á marxe a existencia de gobernos totalitarios que afogan a liberdade dos profesionais, cumpriría citar a progreasiva concentración dos medios, a necesidade irrenunciable de vender información, a dependencia de moitos medios do poder político ou a imposición de determinadas liñas editoriais.

CONSECUENCIAS (Asociacións)

Desta situación de precariedade derívanse consecuencias tan graves como evidentes...

ANÁLIZAO - Partes (Cubo)

... tanto para os lectores como para os propios periodistas. Estes ven frustradas as súas expectativas profesionais, ao veren coartada a súa liberdade para informar dun xeito veraz e obxectivo. E pola súa parte, os lectores, vítimas da manipulación informativa, teñen dificultades para construíren a súa propia opinión.

PROCEDENCIA. Que pasou antes? (Asociacións) **COMPARACIÓN** - Pasado/presente. (Cubo)

Con todo, esta situación non é nova no mundo do xornalismo: tamén no pasado abundan os casos de manipulación informativa...

SUCESIÓN. Que pasará despois? (Asociacións)

... e quizais sexa preciso mirar ao futuro para termos unha perspectiva máis optimista. Por que? Porque as redes sociais e os medios dixitais –menos custosos- parecen estar a gañarlle a batalla aos medios informativos tradicionais. E desde logo as redes sociais, ao implicaren a moita xente, van ofrecer unha maior diversidade de puntos de vista e van democratizar o acceso á información.

CITA

Non significa isto que vaian desaparecer os bos xornalistas, aqueles que perseguen como ben supremo a obxectividade. Estes xornalistas de raza serán cada vez máis imprescindibles porque estarán empeñados en desmentir a demoledora sentenza de George Orwell: "Non coñezo a ninguén que sexa tan mentirán, a non ser que contemos aos xornalistas".

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2 Ás veces a min e aos meus compañeiros de profesión chámannos escritores periféricos, ou localistas,
3 porque escribimos desde Galicia e en galego. Esquecen que un escritor nunca é periférico, que o centro do
4 mundo sempre está na súa mesa de traballo. O proceso de creación non sabe de periferias. 'Se puede ser
5 provinciano en el centro de Nueva York y universal en una aldea de los Andes', escribiu Octavio Paz.

6 Tentamos que os nosos textos cheguen todo o lonxe que a súa calidade llelo permita. Buscamos en
7 primeiro lugar aos lectores do noso país; eles son os interlocutores privilexiados. Despois buscamos
8 tamén esa periferia mundial que nos rodea.

9 Estamos afeitos a traballar en situacións adversas. Na historia da nosa literatura as liñas de resistencia
10 veñen de lonxe. De Rosalía, rebelándose contra o feito de sentirse estranxeira na súa patria; de Curros,
11 que denuncia a ameaza dos lobos e clama pola unión; de Cunqueiro, a soñar as mil primaveras para a
12 lingua estigmatizada; de Celso Emilio, falándolle como un irmao a todos os desposuídos do mundo...

13 A nosa forma de participar na cultura da humanidade é desenvolvendo a cultura galega. Temos dentro
14 de nós a materia que lle pode interesar a calquera persoa en calquera lugar do mundo. Só precisamos
15 plasmala a través do proceso de creación. Para conseguilo, cómpre chantar os pés na nosa realidade e,
16 coas raíces na terra, abrimos a todos os ventos culturais do mundo. Porque aquí están as fábricas da
17 imaxinación das que fala Manuel Rivas; delas poden saír creacións que tamén se lean en toda a periferia
18 mundial. Obras cargadas de vida, obras cunha luz tan forte que sexa imposible de agochar. Un dos trazos
19 máis significativos da cultura galega, que tan ben souberon expresar os membros da Xeración Nós, é a
20 súa vocación de ser célula de universalidade, a súa vontade de ser unha peza máis, en pé de igualdade, no
mosaico mundial das culturas: a súa conciencia de que só se pode ser universal desde as propias raíces.

Agustín Fernández Paz, Discurso nos Premios Xerais 2009 (fragmento)

1. Fai un breve resumo do texto. [1 punto]
2. Explica que quere dicir o autor cando afirma: *buscamos tamén esa periferia mundial que nos rodea* (líña 6-7) e *[Os membros da Xeración Nós tiñan] vocación de ser célula de universalidade* (l. 19). [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coa idea que sostén Agustín Fernández Paz acerca da relación entre ter vontade de escritor universal e escribir nunha lingua minoritaria. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Repara na forma dialectal non-estándar *irmao* que o autor usa evocando un coñecido verso do poeta celanovés C.E. Ferreiro, propio do seu bloque dialectal de orixe: o galego central. Indica os principais fenómenos lingüísticos que permiten caracterizar os tres bloques lingüísticos do galego. [1 punto]
5. Constrúe cadansúa oración que, comezando sempre pola secuencia *Buscamos en primeiro lugar...*, conteña respectivamente: a) unha completiva de CD; b) unha concesiva; c) unha oración de relativo; d) unha causal que non vaia introducida por *porque*. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

2 *Nos últimos meses, os tambores de guerra, en Oriente Medio, non paran de soar. A verdade é que*
naquela rexión (parece unha maldición bíblica), a violencia, a morte e a tortura, forman parte da paisaxe.
Acostumarse é o primeiro paso para desentenderse.

4 Palestina, eternamente violentada, soporta con cruel intensidade os ataques da aviación israelí, os
6 asasinatos selectivos, a destrución de vivendas, o bloqueo, o acoso, a humillación constante, a morte ¡que
espanto! de nenos e anciáns inocentes, cada día...

8 Siria, que soñou liberarse dun réxime ditatorial, sofre, en carne propia, as consecuencias dunha guerra
civil non declarada. Logo dun ano de constante violencia, os mortos superan os 9.000.

10 Irán, a punto de converterse nunha teocracia nuclear, esperta en Israel, única potencia atómica na
rexión, desexos irrefreables de intervención militar, con ou sen o apoio dos EE.UU. Todo parece indicar
que a decisión está tomada. Bastaría escoller o día e a hora máis convenientes.

12 Por último, Afganistán e Iraq, lonxe de acadar a paz e a estabilidade prometidas polas forzas
14 intervencionistas occidentais, logo de décadas de inxerencia militar, sofren a violencia sectaria, os
atacados e o descontrol máis absoluto. A retirada dos exércitos de ocupación, cunha sensación de fracaso
evidente, vai deixar aberta a porta a profundas convulsións internas.

16 Esta situación pode converterse nunha auténtica bomba incendiaria para a paz e a seguridade en todo o
Mediterráneo. As Nacións Unidas vense cada día máis necesitadas dunha profunda reforma para facer
18 realidade o fin para o que se crearon, “evitar aos nosos fillos o horror da guerra”. Corresponde á
comunidade internacional recuperar o protagonismo. A cidadanía global, a sociedade civil, temos que
20 interpelar con firmeza aos nosos respectivos gobernos, aínda que sexa por egoísmo lúcido, reclamando a
resolución pacífica dos conflitos, a primacía da palabra fronte a violencia e o terror.

Manuel Dios, “Mañá sempre é demasiado tarde”, en *Praza pública* (21/03/2012)

1. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen as seguintes frases no texto: *tambores de guerra* (líña 1), *teocracia nuclear* (l. 9), *violencia sectaria* (l. 13), *bomba incendiaria* (l. 16), *egoísmo lúcido*. (l. 20) [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo os motivos polos que, na túa opinión, á comunidade internacional lle resulta tan difícil evitar a ameaza da guerra. (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: *meses*, *guerra*, *é* (líña 1), *réxime*, *sofre* (l. 7), *atómica* (l. 9), *todo* (l. 10), *escoller* (l. 11), *décadas* (l. 13), *vense* (l. 17). [1 punto]
5. Identifica a función sintáctica que desempeña cada unha das seguintes frases dentro da oración en que aparecen no texto: *o primeiro paso para entenderse* (líña 3), *eternamente violentada* (l. 4), *nunha teocracia nuclear* (l. 9), *aos nosos fillos* (l. 18), *aos nosos respectivos gobernos* (l. 20). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

I	II
Vendéronlle os bois,	Cando ninguén os mira,
2 vendéronlle as vacas,	18 vense rostros nubrados e sombrisos,
o pote do caldo	homes qu'erran cal sombras voltexantes
4 e a manta da cama.	20 por veigas e campíos.
Vendéronlle o carro	Un, enriba dun cómaro
6 e as leiras que tiña;	22 séntase caviloso e pensativo;
deixárono soio	outro, ó pé dun carballo queda inmóbil,
8 coa roupa vestida.	24 coa vista levantada hacia o infinito.
–“María, eu son mozo,	Algún, cabo da fonte recrinado,
10 pedir non me é dado;	26 parés que escoita atento o murmurío
eu vou polo mundo	da augua que cai, e eisala xordamente
12 pra ver de ganalo.	28 tristísimos sospiros.
Galicia está probe,	¡Van a deixa-la patria!...
14 e á Habana me vou...	30 Forzoso, mais supremo sacrificio.
¡adiós, adiós, prendas	A miseria está negra en torno deles,
16 do meu corazón!”	32 ¡ai!, ¡e adiante está o abismo!.

Rosalía de Castro, “¡Pra a Habana!”, *Follas novas* (1880)

1. Fai un breve resumo do texto, indicando o contido de cada unha das dúas partes reproducidas do poema [1 punto]
2. Explica o sentido que teñen no texto os versos 31-32, que o pechan. [1 punto]
3. A emigración en Galicia, antes e agora. Constrúe un texto sobre o tema, comparando a situación que reflicte o poema de Rosalía coa que se dá hoxe. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. *Vendéronlle os bois* (verso 1) e *vense rostros nubrados e sombrisos* (verso 18) son dúas construcións de sentido impersoal. Indica por que o son e comenta as características de cada unha delas. [1 punto]
5. Rosalía emprega no texto formas que non se corresponden co estándar do galego actual. Indica das formas que se dan a seguir se son: a) estándar, b) castelanismos, c) dialectalismos ou d) formas populares non-estándar sen distribución dialectal: [1 punto]

<i>pra</i> (v. 12)	<i>probe</i> (v. 13)	<i>adiós</i> (v. 15)	<i>nubrados</i> (v. 18)	<i>sombrisos</i> (v. 18)
<i>hacia</i> (v. 24)	<i>parés</i> (v. 26)	<i>eisala</i> (v. 27)	<i>van a deixar</i> (v. 29)	<i>sacrificio</i> (v.30)
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

A última tendencia no mundo da nova tecnoloxía (a tendencia que debes seguir se queres ser un moderno de verdade) é do máis retro. Os modernos que van á última ultimísima moda (eses que saben realmente o que se leva) están comezando a pasar dos seus smartphones para recuperar o teléfono móbil ladrillo de toda a vida.

Un pouco na liña dos namorados do pasado que fan quedadas para escribir a máquina, estes novos modernos pasan do iPhone 6, de Whatsapp, das apps que che axudan a facer o que sexa e pasan ata de Google Maps! Polo momento son moi poucos, pero xa teñen caras famosas entre os seus partidarios.

As razóns para este cambio son variadas. Falan dos prezos (quita a tarifa de datos e verás como baixa a factura), dos problemas que eliminan con baterías que non morren cada cinco minutos e de que en realidade só precisan de chamadas e SMS para xestionar as súas comunicacións diarias. Pero, por outra banda, os entrevistados acaban falando de liberdade. Como di unha destas modernas, está ben descubrir un restaurante por casualidade e non porque cho recomendaron en Yelp. Os móbiles intelixentes acabaron matando a pouca aventura que podíamos ter na vida cotiá.

Librarse do smartphone é tamén librarse do mail que chega en todo momento e permite gañar polo menos en tranquilidade. E a iso súmaselle ademais a preocupación pola privacidade. A medida que os consumidores están cada vez máis tempo online, os seus terminais saben máis de todos eles do que saben os seus pais. Cun terminal 'parvo' non é que quedes realmente á marxe de todo iso, pero polo menos teñen moito máis complicado usalo para venderche publicidade.

Polo de agora o movemento é pequeno, pero todos sabemos o que acaba acontecendo coas cousas así. Será a vida sen smartphone a nova moda slow do futuro inmediato?

Raquel C. Pico, en *Disquecool* (06/10/2014)

1. Elabora un esquema coa estrutura do texto. [1 punto]
2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras e as metáforas en que se basean eses significados: *ladrillo* (líña 4), *morren* (líña 9), *librarse* (líña 14), *parvo* (líña 17). [1 punto]
3. Expón de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coas ideas do texto e responde a pregunta final con que remata. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *debes* (líña 1), *moderno* (l. 2), *moda* (l. 2), *teléfono* (l. 3), *móbil* (l. 3), *agora* (l. 19). [1 punto]
5. Sinala o rexistro lingüístico en que está escrito texto. Xustifica a resposta identificando os trazos característicos dese rexistro que atopes no texto. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2 O gastrónomo estaba francamente anoxado. Pediu a conta para marchar canto antes. Co enfado,
3 comezaba a revolvérselle o estómago. Naquel restaurante eran uns simples traficantes de comida e iso el
4 non o soportaba. El, Cordón de Ouro da Gastronomía Hispánica. Pedira un dos pratos máis delicados,
5 lacón con grelos e nata feitos na súa propia xelatina, recheos con pasas gratinadas e servidos con culi de
6 perdiz aromatizado de lombarda e castañas do Courel, e estaba francamente mal preparado. Pareceulle
7 especialmente reprobable o exceso de cocción nas patacas, pero tamén lle desagradou o desproporcionado
8 das gornicións. E, por se fose pouco, discutíranllo. A el, que era Pano de Ouro da Escola de Hostalaría de
9 Bordeaux. Así que pagou e saíu do local. O enfado alteráralle o sangue e sentía incómoda a dixestión. Por
10 veces odiaba a súa profesión. Meteuse no coche para afastarse de alí canto antes. Pero polo camiño foise
11 sentindo peor. O enfado provocáballe náuseas. Cada vez que se lembraba do intolerable exceso de
12 cocción das patacas sentía a molestia da comida a fedellarlle no ventre. Coa rabia, estaba empezando a
13 descompoñerse. De súpeto, non puido aguantar máis. Quixo parar o coche para saír, pero non lle deu
14 tempo. Cando se deu conta xa o vomitara todo sobre o volante. Poucas cousas hai máis duras que a vida
dun gastrónomo.

Fran Alonso, en *Dorna* 27 (2001)

1. Por que vomita o gastrónomo? Que imaxe se nos dá del no texto? Xustifica a túa resposta de maneira concisa, apoiándote en elementos do propio texto. [1 punto]
2. Comenta brevemente o sentido que teñen no texto e a intención con que se usan as seguintes afirmacións do narrador [1 punto]:
 - a) *Naquel restaurante eran uns simples traficantes de comida* (líña 2).
 - b) *Poucas cousas hai máis duras que a vida dun gastrónomo* (líñas 13-14).
3. Nos últimos anos a gastronomía e a cociña acadaron moita popularidade. Redacta un texto expoñendo a túa opinión sobre este fenómeno: as súas causas, o que ten de moda pasaxeira ou de cambio cultural máis duradeiro... (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. *Poucas cousas hai máis duras que a vida dun gastrónomo*. Podería esta comparativa de superioridade construírse cun nexo distinto de "máis ... que"? Cal sería? Xustifica a resposta e escribe, se é o caso, como quedaría a oración. [1 punto]
5. Identifica no texto cinco palabras pertencentes ao mesmo campo semántico, das cales unha debe ser o seu hiperónimo (identifícaa como tal) e as catro restantes hipónimos seus. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
 - b) A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

2 Producción e consumo enchen as nosas vidas. E grazas ó progreso tecnolóxico e á acumulación de
capital, só producimos durante media vida, cuarta arriba cuarta abaixo. Agás desgrazas, que sempre hai
algunha. Consumidores, porén, sómolo todos dende o berce ata o burato final. E tanto á hora de producir
4 coma á hora de consumir, un principio informa o noso actuar: obter a máxima satisfacción posible. Agás
excepcións, que sempre as hai para calquera regra.

6 O día da última tractorada, a produtora chairega Carmela da Chousa subiu ós mandos do SAME
familiar de 224 cabalos e enfiou cara a Lugo a protestar polo baixo prezo do leite das súas vacas. Logo de
8 arrodear a muralla empoleirada na cabina da súa máquina, a consumidora Carmela paseou as rúas do
centro na procura dunha saia nova para estrear na comunión do seu sobriño. Aínda que lle fervían os ollos
10 por unha peza estampada da marca lalinense Toypes, rematou por mercar outra menos lucida e de marca
descoñecida, pero de prezo máis baixo.

12 Ese mesmo día, a produtora Susa de Valdecales soubo que a empresa na que prestaba os seus servizos,
a téxtil Toypes, presentaba un ERE rotatorio por mor da caída no volume de vendas, e que lle ía supor a
14 ela un certo quebranto salarial. De volta á casa logo da xornada laboral, a consumidora Susa entrou no
Centro Comercial para facer as compras alimentarias do día seguinte e, no canto do cartón de leite de
16 Pascual —que viña mercando ata o de agora— e vendo como viñan as cousas, decidiuse por un de “marca
branca” quince céntimos máis barato.

J. Luís Sucasas, en *Vieiros* (2009)

1. Indica cal é a estrutura do texto. [1 punto]:
2. Expón brevemente a idea que nos quere transmitir o autor co seu texto, máis alá das anécdotas que relata. [1 punto]
3. Redacta un texto sobre a importancia que teñen o consumo e a produción (ou o consumismo e a produtividade) no noso modo de vida actual. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. *Consumidores, porén, sómolo todos* (líña 3). Compara esa construción con estoutra que o autor non utiliza: *Todos somos consumidores*. Explica as diferenzas existentes entre as dúas: distinta orde de palabras, aparición do clítico de acusativo (*sómolo* vs. *somos*) e introdución da forma *porén*. [1 punto]
5. Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Carmela arrodeou a muralla empoleirada na cabina da súa máquina*. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
 - b) A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

PROPOSTA 1

En aproximándose o verán, teño pensado visitar San Petersburgo, unha das miñas vellas aspiracións. O soño naceu sendo eu moi nova mentres lía *Ana Karenina*, **que** me marabillou por tantas cousas e que ten na segunda cidade rusa un fermoso escenario. Daquela chamoume a atención **que** a *belle société* rusa tivese como símbolo de distinción o idioma francés e facíame graza que algúns rusos falasen francés entre si. Aínda non caera eu na conta de que formaba parte dun pobo que tamén tiña como símbolo de distinción unha fala diferente á da maioría da paisanaxe. Cando os ollos e os sentidos están tan afeitos a estas cousas, cústalle á razón entrar en funcionamento para xulgalas e tratar de as reconverter. [...]

Máis tarde, e agora a través da miña afección pola música de Mozart, descubrín **que** a nobreza vienesa andaba co prexuízo de que as clases máis baixas non tiñan necesidade de beleza e que a ópera non ía dedicada aos pobres. Estes ben se podían entreter con vulgaridades alemás. Polo tanto, a ópera tiña **que** estar en italiano, outravolta como distinción de clase e desprezo pola lingua do pobo. Di David Shavin: «A historia de Mozart revela como, nas mans dun artista que entenda que a razón e a beleza son idénticos moralmente, a arte convértese en causa poderosa de acontecementos históricos para o beneficio xeral da humanidade». E aí temos ao grande músico creando a ópera en alemán, que foi revolucionaria e lle deu os seus problemas.

Nos casos **que** cito, acabouse impoñendo a razón por riba dos prexuízos e dos complexos, pero non é tan doado. Hai momentos moi complicados para algunhas linguas. Podía poñer moitos exemplos de como os idiomas teñen serios problemas alleos a eles e só apoñibles ás circunstancias nas que se desenvolven. Deixo aquí a nosa lingua, que é a que nos importa, pero a citada novela de Lev Tolstoy ten no comezo unha frase que tamén podemos aplicar ás linguas: «As familias felices son todas iguais; as familias infelices sono de cadansúa maneira».

Helena Villar Janeiro, «Pobos e linguas», *El Correo Gallego*.

1. Sinala de maneira xustificada cal é a intención do autor do texto: [1 punto]
 - Denunciar os prexuízos que provocan o uso socialmente desigual de dúas linguas?
 - Denunciar a inxustiza da diferenza de clases?
 - Denunciar as carencias dalgunhas linguas para desenvolveren determinadas funcións?
2. Identifica a estrutura do texto. [1 punto]
3. Escribe un comentario persoal razoado no que poñas en relación as ideas desenvoltas no texto e a actual situación sociolingüística de Galicia. [3 puntos]
4. Caracteriza os fonemas vocálicos tónicos das seguintes palabras: *fermoso* (líña 3), *francés* (líña 4), *ópera* (líña 11), *só* (líña 19), *novela* (líña 21). [1 punto]
5. Indica a categoría morfolóxica e a función sintáctica de cada un dos cinco *que* resaltados no texto (en negriña e subliñados). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

PROPOSTA 1
(corrección da proba)

PREGUNTA 1: 1 punto.

Resposta modelo:

O texto de Helena Villar denuncia ben ás claras os prexuízos que provocan que dúas linguas teñan un uso social diferente. Trátase de prexuízos típicos de situacións de conflito lingüístico e de diglosia: unha lingua, a hexemónica e de maior prestixio sociocultural, é usada en ámbitos elevados e formais; outra lingua, a minorizada e de menor prestixio sociocultural, emprégase na comunicación informal. Isto exemplifícase no texto a través da situación da Rusia do século XIX (época en que se sitúa a novela Anna Karenina), onde o ruso era relegado polo francés entre as clases elevadas por ser «símbolo de distinción», e da situación da Austria no século XVIII (época de Mozart), onde unha lingua allea como o italiano era considerada máis apta ca o alemán para a expresión cultural.

PREGUNTA 2: 1 punto.

Resposta modelo:

Estrutura:

Parte 1 (1.º parágrafo): a situación diglósica en San Peterburgo (Rusia) no século XIX (lingua A, o francés; lingua B, o ruso).

Parte 2 (2.º parágrafo): a situación diglósica en Viena (Austria) no século XVIII (lingua A, o italiano; lingua B, o alemán). /

Parte 3 (3.º parágrafo): neses lugares deuse unha superación da diglosia en favor das linguas propias; no entanto, noutros sitios como Galicia esa situación aínda non foi superada.

PREGUNTA 3: 3 puntos.

Resposta modelo (309 palabras):

No texto abórdase o tema dos conflitos lingüísticos noutras épocas e noutros países de Europa. Tanto na Rusia do século XIX como na Austria do século XVIII, a situación de conflito dábase entre a lingua propia do lugar pero minorizada (o ruso e o alemán) e unha lingua hexemónica chegada de fóra (o francés e o italiano). No desequilibrio entre estes idiomas interveñen de forma clara os prexuízos lingüísticos: a aristocracia rusa e mais a vienesa consideraban o francés e o italiano, respectivamente, «símbolos de distinción e de clase» e desprezaban a «lingua vulgar» do pobo, a do seu propio país, o ruso e o alemán.

Os paralelismos coa situación sociolingüística actual de Galicia son evidentes. O galego é a lingua propia de Galicia pero está nunha situación de minorización xa que ve as súas funcións de uso reducidas pola presión da lingua hexemónica: o castelán. Os prexuízos que aínda hoxe en día xiran arredor destes idiomas teñen moito en común coas situacións descritas no texto: o castelán, a lingua foránea, vese como a lingua das clases altas, das situacións máis formais, máis útil... ; pola contra, o galego, a lingua autóctona, ten polo xeral unha baixa consideración, é a lingua das clases medias e baixas, das situacións informais, menos útil...

Por sorte, como a propia autora indica, esta situación de marxinação pode ser superada. Hoxe, en Rusia e en Austria, o ruso e o alemán están plenamente normalizados e gozan de boa saúde. A isto contribuíu, sen dúbida, a conciencia lingüística dos propios falantes e a súa loita contra os prexuízos, como sucedeu coa revolucionaria actitude de Mozart ao romper os estereotipos vixentes na súa época e crear unha ópera en alemán. Ese é o camiño que cómpre seguirmos para que en lugares como Galicia, a nosa lingua propia recupere dunha vez o seu status de «lingua normal».

PREGUNTA 4: 1 punto.

Resposta modelo:

«fermoso» (líña 3): «o» medio pechado [o] / francés (líña 4): «e» medio pechado [e] / ópera (líña 11): «o» medio aberto [ɔ] / só (líña 19): «o» medio aberto [ɔ] / novela (líña 21): «e» medio aberto [ɛ].

PREGUNTA 5: 1 punto.

Resposta modelo:

que (líña 2): categoría: pronome relativo; función: dobre: enlace (E) que introduce unha oración subordinada adxectiva e suxeito (S) desta subordinada adxectiva [«**que** (→ Anna Karenina = antecedente) me marabillou»] / **que** (líña 3): categoría: conxunción; función: enlace [E] dunha oración subordinada substantiva («chamoume a atención [**que** a belle société rusa tivese como símbolo de distinción o idioma francés]») / **que** (líña 9): categoría: conxunción; función: enlace [E] dunha oración subordinada substantiva («descubrín [**que** a nobreza vienesa andaba co prexuízo...]») / **que** (líña 12): categoría: parte da perífrase verbal modal «ter + que + infinitivo»; función: dentro da perífrase actúa como elemento de relación entre o verbo auxiliar e o verbo auxiliado, a perífrase en si ten a función de núcleo (N) dunha frase verbal («a ópera [**tiña que estar** en italiano]») / **que** (líña 17): categoría: pronome relativo; función: dobre: enlace (E) que introduce unha oración subordinada adxectiva e obxecto directo (OD) desta subordinada adxectiva [«Nos casos **que** (→ os casos = antecedente) cito...»].

PREGUNTA 6: 1 punto.

Resposta modelo:

- a) Ver páx. 26 deste documento.
- b) Ver páx. 29 deste documento.

PREGUNTA 7: 2 puntos.

Resposta modelo:

- a) Ver páx. 33 deste documento.
- b) Ver páx. 44 deste documento.

PROPOSTA 2

A amante nunca ten dentes postizos
graus no nariz
pelos nas coxas
gorduras nos cadrís.
5 Á amante nunca lle inchan os ollos ao durmir.
O poeta ama a perfección
non te ama a ti.
Es idealización
mito
10 metáfora da metáfora.

De non seres perfecta como te amarían?

María Xosé Queizán, *Metáfora da metáfora* (1991)

1. Sintetiza nunha soa oración o tema do poema. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *coxas* (l. 3), *cadrís* (l. 4), *idealización* (l. 8), *mito* (l. 9), *metáfora* (l. 10). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Escribe un comentario persoal razoado sobre a importancia que se lle dá na sociedade actual á aparencia física e ao culto á imaxe. [3 puntos]
4. Define os fonemas consonánticos destas palabras: *nariz* (l. 2), *coxas* (l. 3). [1 punto]
5. O substantivo *amante* (líña 1) presenta sincretismo de xénero. Explica en que consiste este trazo e ofrece outros exemplos. [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

PROPOSTA 2
(corrección da proba)

PREGUNTA 1: 1 punto.

Resposta modelo:

Tema: a idealización extrema da muller por parte do poeta, que o leva a identificar amor con beleza.

PREGUNTA 2: 1 punto.

Resposta modelo:

Coxa: parte das extremidades inferiores das persoas que vai desde a cadeira ata o xeonllo e onde se encontra o fémur. / Cadril: parte avultada do corpo das persoas na que a perna se une ao corpo. / Idealización: acto de crer o representar a realidade como mellor ou máis bela do que é en realidade. / Mito: personaxe ou acontecemento de gran transcendencia que se presenta deformado ou esaxerado pola tradición. / Metáfora: figura retórica que consiste en empregar unha palabra que expresa literalmente unha cousa para manifestar outra coa que ten certa semellanza.

PREGUNTA 3: 3 puntos.

Resposta modelo (292 palabras):

A sociedade de hoxe en día impuxo nas mentes de moitas persoas que para sentirse ben e chegar a certo grao de felicidade se debe ter unha aparencia física perfecta. O bombardeo mediático é continuo: concursos de misses, pasarelas de moda, publicidade, series xuvenís... Todo isto fai que asociemos un determinado canon físico ao ideal de beleza: corpos máis altos da media, esveltos, con faccións e pel perfectas...

O resultado deste proceso é dobre: por unha parte, millóns de mulleres e de homes rexeitan o seu propio corpo e manteñen unha obsesión pola imaxe, o que crea inseguridade e falta de confianza; por outra, conforme aumenta esta obsesión, dispáranse os beneficios das industrias da beleza: moda, cosmética, cirurxía estética...

E nesta situación, se cadra, as máis prexudicadas son as mulleres. Vivimos en sociedades de tradición patriarcal, con canons de beleza impostos por homes que adoitaban valorar a muller polo seu aspecto físico antes ca pola súa intelixencia. Isto condicionou, durante séculos, as actitudes e os comportamentos das mulleres que aceptaron un rol pasivo e caeron na «esclavitude» da beleza e na «tiranía» da moda.

O culto á imaxe, convertido xa case nunha relixión, provoca, tanto en homes como en mulleres, problemas extremos que ás veces teñen condición de patoloxías: a bulimia, a anorexia, a vigorexia...

Na actualidade moitas son as persoas que pasan horas no ximnasio, seguen dietas, usan cosméticos e arriscan as súas vidas en operacións de estética para intentar aproximar o seu corpo a ese ideal de beleza imperante. Vivimos nunha sociedade que degoxa a beleza e a eterna mocidade. Este é o patrón do século XXI, do cal se beneficia o mercado do culto ao corpo, sobre todo o dos cosméticos, o da moda e o da cirurxía estética.

PREGUNTA 4: 1 punto.

Resposta modelo:

«nariz» (líña 2): [n] fonema alveolar nasal sonoro / [r] fonema alveolar vibrante simple sonoro / [θ] fonema interdental fricativo xordo (ou [s] fonema alveolar fricativo xordo, nas zonas de seseo).

«coxas» (líña 3): [k] fonema velar oclusivo xordo / [ʃ] fonema palatal fricativo xordo / [s] fonema alveolar fricativo xordo.

PREGUNTA 5: 1 punto.

Resposta modelo:

Falamos de sincretismo de xénero nos substantivos cando un mesmo termo pode ser masculino ou feminino. A marca de xénero nestes casos vén dada polas palabras do contexto, por exemplo, o artigo: «o amante» (masculino), «a amante» (feminino). Outros substantivos sincréticos en galego son: «pianista», «atleta», «falante», «mártir», «artista»...

PREGUNTA 6: 1 punto.

Resposta modelo:

a) *Ver páx. 27 deste documento.*

b) *Ver páx. 30 deste documento.*

PREGUNTA 7: 2 puntos.

Resposta modelo:

a) *Ver páx. 40 deste documento.*

b) *Ver páx. 41 deste documento.*

PROPOSTA 3

Dicía Gonzalo Torrente Ballester que había máis imaxinación nalgunhas tabernas galegas que en moitos países do mundo. Referíase sobre todo ás tabernas onde aínda se manteñan tertulias ou longas conversas devagar. Tiven ocasión de comprobar este verán –unha vez máis– o moito que hai de certo na esaxerada afirmación do magnífico autor de *La saga fuga de JB*, esa obra insuperable.

Polos montes de Oural, Riobarba, Viveiro, Oza dos Ríos, Verín e Sarria descubrín algúns deses espazos habitados por unhas voces narrativas incomparables. Historias de todas as estirpes de mouros, de lobos, de fuxidos, de peregrinos xacobeos, de emigrantes nas Américas... E en todos os sitios tiven a tentación de acender un magnetófono. Porque aí si que ten sentido gravar o que se di, o que se oe; un sentido cultural e antropolóxico que non teñen as moitas veces noxentas realidades que gravan os espías ou detectives. As tabernas tradicionais galegas acollen moito do saber que non se aprende nas universidades e que, porén, debemos aprender. O saber da vida. O sabor do humano. O recendo das experiencias. O vigor do inventado.

José M.^a Castroviejo e Álvaro Cunqueiro deixáronse seducir tamén polo engado incomparable das nosas tabernas, pousadas e lugares de parrafeo. O escritor de Mondoñedo –cidade na que tanto *tertuliu*– mesmo chegou a admitir que o seu agarimo pola literatura inglesa, desde Chaucer a Dickens, pasando por Shakespeare, Pepys, Sterne e James Boswell, tiña moito que ver co feito de que estaba chea de tabernas.

[...] Tabernas que aínda hoxe, agochadas ás veces en recunchos inesperados ou esquecidos, amosan esa imaxinación prodixiosa dos devanceiros. Palabras de saberes ocultos. Sintaxe precisa dunha lingua aínda non desvirtuada. Ecos luminosos dun pasado que é presente ferido e que quizais un día represente só unha gran perda. ¡Que desfeita! Quizais é o momento de sementar magnetofóns nas que quedan.

Carlos G. Reigosa. *La Voz de Galicia* (25-8-2007)

1. Identifica a idea principal e as ideas secundarias do texto. [1 punto]
2. Que relación establece o autor entre a sabedoría tradicional das tabernas e a literatura? Apoia a túa resposta con referencias explícitas do texto. [1 punto]
3. Escribe un comentario crítico a partir do exposto neste treito do texto: *Ecos luminosos dun pasado que é presente ferido e que quizais un día represente só unha gran perda. ¡Que desfeita! Quizais é o momento de sementar magnetofóns nas que quedan.* [3 puntos]
4. Fai a análise morfolóxica destas palabras: *tiven* (l. 3), *por* (l. 7), *inesperados* (l. 19), *prodixiosa* (l. 20). [1 punto]
5. Ofrece un sinónimo e un antónimo do significado que cada unha destas palabras teñen no texto: *devagar* (l. 3), *acender* (l. 9), *noxentas* (l. 11), *recendo* (l. 13), *agarimo* (l. 16), *devanceiros* (l. 20). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
 - b) A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

PROPOSTA 3
(corrección da proba)

PREGUNTA 1: 1 punto.

Resposta modelo:

Idea principal: Cómpre apreciar e conservar toda a sabedoría popular que aínda subsiste nas tabernas tradicionais galegas.

Ideas secundarias: O autor tivo oportunidade de comprobar, durante o último verán, a gran sabedoría que se atopa nas tabernas galegas. / O autor sentiu que cumpría preservar esa sabedoría popular dalgún xeito (por exemplo, facendo gravacións). / Esta sabedoría das tabernas tradicionais non é unha «saboría académica», senón que é unha mestura de experiencia da vida e de fantasía popular. / Diversos escritores galegos deixáronse enmeigar polo engado desta riqueza cultural e antropolóxica. / Álvaro Cunqueiro afirmaba que o seu apreio pola literatura inglesa proviña da súa estreita relación con esta «saboría das tabernas».

PREGUNTA 2: 1 punto.

Resposta modelo:

Segundo o autor, a sabedoría tradicional das tabernas admirou e serviulle de inspiración a diversos escritores galegos, como Gonzalo Torrente Ballester, José M.^a Castroviejo ou Álvaro Cunqueiro. Esta sabedoría tradicional supón, para a inspiración dun escritor, unha fonte de formidable riqueza: «voces narrativas incomparables», «Historias de todas as estirpes de mouros, de lobos, de fuxidos, de peregrinos xacobeos, de emigrantes nas Américas...», «imaxinación prodixiosa dos devanceiros», «Palabras de saberes ocultos», «Sintaxe precisa dunha lingua aínda non desvirtuada». Mais esta «imaxinación das tabernas» non só manifesta a súa influencia en Galicia, senón que tamén ten fondos raizames na literatura inglesa, admirada por Cunqueiro: Chaucer, Dickens, Shakespeare, Pepys, Sterne, Boswell...

PREGUNTA 3: 3 puntos.

Resposta modelo (310 palabras):

Galicia foi, durante séculos, un país eminentemente rural. A nosa cultura tradicional estivo sempre ligada ao mundo labrego e ao mariñeiro. A mediados do século pasado o desenvolvemento económico foi dando lugar a un crecente abandono das prácticas económicas e produtivas da sociedade rural tradicional. Hoxe Galicia atópase inmersa nun avanzado proceso de desruralización, por desgraza paralelo ao proceso de abandono da lingua propia. Estes cambios, no contexto mundial da globalización, aféctalle a Galicia e tamén a todos os países do chamado Primeiro Mundo e implica unha transformación estrutural nas sociedades tradicionais: na economía, na cultura, nas relacións sociais...

Hoxe, as sociedades urbanas modernas, están dominadas polas présas e polo individualismo. Nestas sociedades globalizadas, as facilidades de comunicación existentes adoitan impulsar a xente a que deixe de importarlle o que acontece a escasos metros da súa vivenda e, en troques, tenda a interesarse polo que sucede a miles de quilómetros de distancia.

No mundo tradicional, pola contra, hai outra concepción do tempo, do espazo e das relacións. Antigamente, por exemplo, acostumábase ir a todos os sitios andando; no camiño un atopaba con outra xente (coñecida e descoñecida) e falaba con ela. Os momentos de socialización eran contínuos: feiras, velorios, verbenas, misas, tabernas... E estes encontros daban orixe a múltiples conversas e parrafeos, para os cales se botaba man dunha rica, complexa e elaborada tradición oral (léxico moi diversificado, ditos, refráns, contos...).

Cando o autor do texto fala dos «ecos luminosos dun pasado que é presente ferido» estase a referir a ese cambio drástico na nosa sociedade e ao valioso legado inmaterial desa tradición oral e desa lingua popular que el aínda atopou vivas nas tabernas galegas. Unha herdanza que se ve ameazada pola vida globalizada, apresurada e despersonalizada. Unha herdanza que cómpre defender antes da súa perda definitiva: «¡Que desfeita! Quizais é o momento de sementar magnetofóns nas que quedan».

PROPOSTA 4

Escollo as miñas lecturas polo que nunca leo as datas de caducidade dos iogures. A miña muller tenme prohibido ir á compra por mor desa liberdade. As contadas veces que fago rodar un carríño metálico polo supermercado sucédeme algo desconcertante: ao baleirar o carro para pagar na caixa agroma un libro de peto entre osiños de biscoito que tanto saben ao pequeno Antón e o meu café amarguíssimo.

- 5 A última vez que fun mercar, a caixeira atopou o hipervendido *Crepúsculo*, de Stephenie Meyer. As miñas amigas Marta e María, que teñen nomes beatificables en parella, confesáronme que esa novela non está ben escrita, pero prende. Ata onde a dei lido confirmei a segunda parte da súa avaliación: hai enterradores máis habelenciosos redactando necrolóxicas.

Meyer escribe con prosa de diario adolescente con tapas rosadas que se pecha con candaño. A trama avanza de xeito lineal, contándonos con quen senta en cada clase á que asiste, o moito que lle vai custar repudiar a un rapaz que lle colleu afección e o malo malote que é o rapaz que lle gusta.

Non faltan os resabidos «pel branca coma o marfil» ou «pelo de cor mel». O meu Antón é o presidente dos Estados Unidos das Ocorrencias Inoportunas, pero atinou o outro día.

- 15 Ensañábase a mangueirazos co xardín dos meus pais e empapuzoume o exemplar de *Crepúsculo*. Nada lle reprochei.

Eu xa lera ás irmás Brontë e a Daphne de Maurier, polo que esperaba que a renovación da novela de paixóns a chorro fose alén de que a heroína mudase a carroza por un monovolume. Terei que mirar a data de caducidade dos libros porque a literatura de Meyer cheira a mofo.

Jaureguizar, «Iogures», *De luns a venres* (15-8-2009)

1. O autor do texto ofrece, con ironía, a súa valoración sobre a calidade literaria da novela *Crepúsculo*, de Stephenie Meyer. Que opinión é esta? En que se fundamenta? Apoia a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *necrolóxicas* (l. 8), *trama* (l. 10), *repudiar* (l. 11), *atinou* (l. 14), *mofo* (l. 19). Non son válidas as respostas só con sinónimos. [1 punto]
3. Redacta un comentario persoal razoado sobre o fenómeno dos «bestsellers». [3 puntos]
4. Identifica todas as perífrases verbais do texto e indica a que tipo corresponden segundo a súa significación. [1 punto]
5. Analiza sintacticamente: *Terei que mirar a data de caducidade dos libros porque a literatura de Meyer cheira a mofo* (líña 19). [1 punto]
6. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [2 puntos]
 - a) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - b) A poesía de fins do século XX e comezos do XXI: temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

PREGUNTA 4: 1 punto.

Resposta modelo:

tiven (l. 3): verbo *ter* (3.^a conxugación), P1 do pret. de indicativo / Segmentación: *tiv-* (lexema ou raíz) + *-e-* (VT, vogal temática) + *-Ø-* (MMT, morfema modotemporal) + *-n* (MNP, morfema número-persoal).

por (l. 7): preposición / Segmentación: *por* (morfema independente).

incomparables (l. 20): adxectivo / Segmentación: *in-* (morfema dependente derivativo prefixo) + *-compar-* (lexema) + *-able-* (morfema dependente derivativo sufixo) + *-s* (morfema dependente constitutivo de número plural).

prodixiosa (l. 20): adxectivo / Segmentación: *prodixi-* (lexema) + *-os-* (morfema dependente derivativo sufixo) + *-a* (morfema dependente constitutivo de xénero feminino).

PREGUNTA 5: 1 punto.

Resposta modelo:

devagar: (líña 3) → sinónimos: *amodo, paseniño, lentamente...* / antónimos: *rapidamente...*

acender: (líña 9) → sinónimos: *prender...* / antónimos: *apagar...*

noxentas: (líña 11) → sinónimos: *repugnantes, repelentes...* / antónimos: *agradables...*

recendo (líña 13) → sinónimos: *aroma...* / antónimos: *cheirume, fedor...*

agarimo: (líña 17) → sinónimos: *cariño, afecto...* / antónimos: *odio, aversión...*

devanceiros: (líña 21) → sinónimos: *antecesores, antepasados...* / antónimos: *descendentes...*

PREGUNTA 6: 1 punto.

Resposta modelo:

a) Ver páx. 29 deste documento.

b) Ver páx. 30 deste documento.

PREGUNTA 7: 2 puntos.

Resposta modelo:

a) Ver páx. 35 deste documento.

b) Ver páx. 37 deste documento.

PROPOSTA 4

(corrección da proba)

PREGUNTA 1: 1 punto.

Resposta modelo:

A opinión de Jaureguizar sobre a novela Crepúsculo de Stephanie Meyer é mala: é unha obra que «engancha», pero está mal escrita («hai enterradores máis habelenciosos redactando necrolóxicas»). Segundo o autor do texto, Crepúsculo é unha novela moi simple e convencional («con prosa de diario adolescente con tapas rosadas», «avanza de xeito lineal...»), chea de tópicos («pel branca coma o marfil», «pelo de cor mel») e que non contribúe en nada á renovación do xénero da novela sentimental («esperaba que a renovación da novela de paixóns a chorro fose alén de que a heroína mudase a carroza por un monovolume»).

PREGUNTA 2: 1 punto.

Resposta modelo:

Necrolóxicas (l. 9): Notas que informan da morte dunha persoa e que aparecen nunha sección fixa dos medios de comunicación. / Trama (l. 11): Disposición interna dos sucesos que constitúen o argumento dunha obra literaria. / Repudiar (l. 12): Rexeitar algo ou alguén. / Atinou (l. 15): Atopou o que se buscaba por casualidade ou ben chegando a unha conclusión por conxecturas. / Mofo (l. 20): Especie de peluxe de cor gris, tirando a azul ou a verde, constituída por uns fungos que se crían sobre materias que empezan a podreecer.

PREGUNTA 3: 3 puntos.

Resposta modelo (308 palabras):

Podemos definir o concepto tradicional de literatura culta como unha obra creada cunha orixinalidade propia, para un público máis ou menos erudito e refrendada institucionalmente e pola crítica máis académica.

Fronte a esta visión da literatura, nos séculos XIX e XX, a obra literaria pasou a concibirse como un produto máis da sociedade de consumo. O libro créase, daquela, coa finalidade de conseguir a maior cantidade de lectores posible, é dicir, as maiores vendas posibles. Así nacen os conceptos de literatura de masas e de «bestseller», o libro de grande éxito de vendas.

O escritor de «bestsellers» asume a finalidade comercial do seu traballo e convértese nunha peza máis da engranaxe da industria editorial. Debe saber para quen escribe: o lector é un consumidor, por iso debe dominar a maior información posible sobre os intereses e afeccións dos lectores aos que se dirixe. Acomoda, daquela, os temas e os recursos narrativos aos gustos dese público, ata o punto de que case se pode describir unha fórmula xeral para crear unha novela «bestseller»: axilidade narrativa (intercalando momentos de acción trepidante con outros de sosego), altas doses de intriga combinada con peripecias amorosas, personaxes verosímiles e atraentes, ambientes (a miúdo exóticos) descritos de modo moi realista e un final feliz case obrigado. Este carácter «prefabricado» do que xa se deu en chamar como «fast-book» (en relación á «fast-food») acaba conformando unha especialización en subxéneros por temas: novela policial, novela de ficción científica, novela de terror, novela sentimental...

Con todo, hoxe en día, as fronteiras entre literatura culta e literatura de masas están cada vez menos definidas: hai libros da chamada «alta literatura» con moi grandes vendas e hai «bestsellers» que teñen unha boa consideración da crítica literaria. É dicir, aínda que non é o máis frecuente, o «valor de mercado» e o «valor literario» non son á forza categorías antagónicas.

PREGUNTA 4: 1 punto.

Resposta modelo:

«tenme prohibido» (l. 2): perífrase aspectual, perfectiva.

«fun buscar» (l. 6): perífrase temporal, futuridade.

«dei lido» (l. 8): perífrase aspectual, perfectiva.

«vai custar» (l. 12): perífrase temporal, futuridade.


«tereí que mirar» (l. 20): perífrase modal, obrigación.

PREGUNTA 5: 1 punto.

Resposta modelo:

Análise sintáctica:

Terei que mirar a data de caducidade dos libros porque a literatura de Meyer cheira a mofo.



Terei que mirar a data de caducidade dos libros porque a literatura de Meyer cheira a mofo.

Trátase dunha **oración composta subordinada** xa que contén dentro dela unha **oración subordinada**: «Terei que mirar a data de caducidade dos libros (porque a literatura de Meyer cheira moito)». A oración subordinada «porque a literatura de Meyer cheira moito» é **adverbial**, xa que exerce a función propia dunha frase adverbial nunha oración simple: **CCCAUS**.

PREGUNTA 6: 1 punto.

Resposta modelo:

a) Ver páx. 27 deste documento.

b) Ver páx. 30 deste documento.

PREGUNTA 7: 2 puntos.

Resposta modelo:

a) Ver páx. 41 deste documento.

b) Ver páx. 42 deste documento.

PARA RETORNAR UN NADIA...

(~~Observe~~ o uso do INFINITIVO CONXUGADO)

● Cuestións de morfoloxía e semántica:

❖ Clasifica pola súa significación os seguintes substantivos:

CUNQUEIRO:

AZUCRE:

BATALLÓN:

❖ Plural de *lapis*

❖ Feminino de *xudeu*

❖ Indica a relación semántica que se establece entre os seguintes pares de palabras:

pagar-cobrar

macho-femia

grande-pequeno

● Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras.

-xeitoso
-comer
-cortello
-terra
-papel
-farol

Caracteriza a vogal das seguinte palabra:

-cu

Que fenómeno vocálico detectas na seguinte palabra?

-arradio
-arrodear
-mullere

● Escribe as formas verbais que se piden.

- P3 do pretérito (P. Imperfecto) de subxuntivo de SER:

- P4 antepretérito (plusc.) de CANTAR:
- P4 infinitivo conxugado de SALTAR:
- P4 pospretérito (F. Hip.) de CAMIÑAR:
- P2 do pretérito (P. Imperfecto) de subxuntivo de SER:
- P5 antepretérito (plusc.) de CANTAR:
- P6 infinitivo conxugado de SALTAR:
- P5 pospretérito (F. Hip.) de CAMIÑAR:

● Sinala os constituíntes das seguintes formas verbais:

- Andastes.	R	VT	MMT	MNP
- Partiría.	R	VT	MMT	MNP
- Collerei.	R	VT	MMT	MNP
- Parta.	R	VT	MMT	MNP
- Andaches.	R	VT	MMT	MNP
- Comería.	R	VT	MMT	MNP
- Partirei.	R	VT	MMT	MNP
- Ande.	R	VT	MMT	MNP

● A) Nos seguintes enunciados indica se podes ou non podes utilizar o infinitivo conxugado e explica por qué.

- Hai que gañar o concurso.
- Eles saben que nós, ao chegar a Ourense, sempre paramos.
- Trataron de coller os peixes.
- Has de saber o que pasa.

B) Indica se son perífrases ou complexos verbais. Clasifica as perífrases.

- O alcalde deu en pensar como apañar votos.
- Dóalle ir de último nas listas.
- Se queres coller peixes, vai ao río.
- O tren está a chegar.

C) Subliña e clasifica os adverbios, preposicións e conxuncións que atopas nas seguintes frases.

-O alcalde é o tipo máis grande.

-Viñeron comer todos á casa.

-Marcharon; así que non os vin.

● Cuestións sobre determinantes e outros pronomes.

-Clasifica os numerais do seguinte texto. *Participaron setenta e oito atletas e unha ducia de impresentábeis que chegaron á meta no lugar décimo quinto.*

-Valor especial do posesivo. *Saín da casa, dei o meu paseo e volví.*

-Xustifica a ausencia do artigo. *Letizia, miña rula, escoitei que ías casar co paspán.*

-Substitúe o subliñado por unha forma usual do pronome relativo. *Os que queiran ver ao bigote paralítico, que vaian ao mítin.*

-Valor especial do demostrativo. *Co aquel da romaría, non puiden pasar pola casa.*

-De ser posíbel, fai a contracción do demostrativo co indefinido. *Diso outro eu non sei nada.*

-Introduce a forma de propiedade exclusiva do posesivo que corresponda. *O noso país ten, por natureza, unha beleza extraordinaria.*

-Explica por qué está mal utilizado o posesivo distributivo. *Cadanseus tiñan unha radio*

-Valor especial do posesivo. *Saín da casa, tomei o meu chato e coa mesma fun cear.*

-Xustifica a ausencia do artigo. *Xurxo, meu fillo, nunca sexas do Real Madrid..*

-Explica por qué está mal utilizado o posesivo distributivo. *Cadanseus comían un doce.*

-Substitúe o subliñado por unha forma usual do pronome relativo. *Os que vaian ver o partido que non veñan.*

-De ser posible, fai a contracción do demostrativo co indefinido. *Disto outro non se fala.*

-Valor especial do demostrativo. *Co aquel da paparota, votaron a prol do señor alcalde.*

● Cuestións sobre o pronome persoal.

-Indica e xustifica a posición do pronome átono. *Non me gusta subir a costa do instituto a pé, mentres os autobuses pasan baleiros*

-Identifica, se os houber, o dativo de solidariedade e interese. *Os mozos de Ponte Caldelas fixéronchemelle a festa..*

-Indica o valor especial do pronome persoal tónico. *Como imos indo, meu? = Como vas?*

✕ -Indica e xustifica a posición do pronome átono. *Son do Celta e do Deportivo porque son galego.*

-Indica o valor especial do pronome persoal tónico. *Como estamos? = Como estás?*

-Identifica, se os houber, o dativo de solidariedade e interese. *Fixéronchemelle moito dano ao meu can.*

-Indica e xustifica a posición do pronome átono. *Nunca me gustou o Real Madrid*

-Indica e xustifica a posición do pronome átono. *Como moito porque me senta ben.*